

PROXECTO

Xullo 2017

NOME DO PROXECTO:

Reforma de urbanización

PROPIETARIOS:

CONCELLO DE AMES

EMPLAZAMIENTO:

PM5-03. O Milladoiro.
Ames. A Coruña.

MEMORIA

ARQUITECTO Colegiado nº: 3773

David Fernández Nogueira

ARRANXO DE URBANIZACIÓN. PM5-03. O MILLADOIRO
CONCELLO DE AMES

ÍNDICE

DOCUMENTACIÓN ESCRITA

- MEMORIA. PREGO DE CONDICIÓN. XESTIÓN DE RESIDUOS
- MEDICIÓN E PRESUPOSTO. CADRO DE PRECIOS
- ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

- MEMORIA
- PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS
- XESTIÓN DE RESIDUOS DE OBRA

David Fernández Nogueira

ARQUITECTO



Tel : 635529499

davidf@coag.es

ARRANXO DE URBANIZACIÓN. PM5-03. O MILLADOIRO

PREGO DE CONDICIÓNs técnicas



ARRANXO DE URBANIZACIÓN. PM5-03. O MILLADOIRO

xestión de residuos de obra

Normativa de referencia:

- Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
- Orden MAM/304/2002 pla que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.

Das obrigas desprendidas da Normativa anterior quedan excluídos os produtores e posuidores de residuos de construción e demolición de obras menores de construción e reparación domiciliaria, habida conta de que teñen a consideración de residuos urbanos.

Contido do estudio:

- I Identificación dos residuos e estimación da cantidade, expresada en toneladas e m³ dos residuos da construción e demolición que se xerarán na obra codificados con arreglo á Orden MAM/304/2002.
- II Medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto.
- III Operacións de reutilización, valoración ou eliminación á que se destinarán os residuos que se xerarán na obra.
- IV Medidas para a separación de residuos.
- V Instalacións previstas para o almacenamento de residuos, manexo, separación e outras operacións.
- VI Prego de prescricións técnicas particulares (en fase de execución de proxecto)
- VII Valoración do custe previsto da xestión

I. Identificación dos residuos e estimación da cantidade

Segundo orden MAM/304/2002 e con arrego á lista Europea de Residuos e de conformidade coa letra a) da Directiva 75/442/CEE e o apartado 4 do artigo 1 da Directiva 91/689/CEE.

Os residuos sinalados con (*) consideraranse perigosos e terase en conta a normativa específica para facer unha xustificación individualizada dos produtos perigosos.

Código	Descrición	t	m ³
08	Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización de revestimentos, adhesivos, sellantes e tintas de impresión.		
08 01 11*	Residuos de pintura e barniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras sustancias perigosas.		
08 01 12	Residuos de pintura e barniz distintos dos especificados en 08 01 11		
08 01 17*	Residuos do decapado ou eliminación de pintura e barniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras sustancias perigosas.		
08 01 18	Residuos do decapado ou eliminación de pintura e barniz distintos dos especificados en 08 01 17		
15	Residuos de envases, absorbentes, trapos de limpeza, materiais de filtración e roupas de protección non especificados en outra categoría.		
15 01 01	Envases de papel e cartón.		
15 01 02	Envases de plástico.		
15 01 03	Envases de madeira.		
15 01 04	Envases metálicos.		
15 01 07	Envases de vidro.		
15 02 02*	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras.		
17	Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada das zonas contaminadas)		
17 01 01	Formigón.	5,00	
17 01 02	Ladrillos.	0,05	
17 01 03	Tellas e materiais cerámicos.		
17 01 06*	Mezclas ou fraccións separadas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos que conteñen sustancias perigosas.		
17 02 01	Madeira.	0,5	
17 02 02	Vidro.		

17 02 03	Plástico.		
17 02 04*	Vidro, plástico e madeira que conteñen sustancias perigosas ou están contaminados por elas.		
17 03 01*	Mezclas bituminosas que conteñen alquitrán de hulla.		
17 03 02	Mezclas bituminosas distintas das especificadas en 17 03 01	0,02	
17 03 03*	Alquitrán de hulla e produtos alquitranados		
17 04 01	Cobre, bronce, latón.		
17 04 02	Aluminio.	0,01	
17 04 03	Plomo.		
17 04 04	Zinc.		
17 04 05	Ferro e aceiro.	0,1	
17 04 06	Estaño.		
17 04 07	Metais mezclados.		
17 04 09*	Residuos metálicos contaminados por sustancias perigosas.		
17 04 10*	Cables que conteñen hidrocarburos, alquitrán de hulla ou outras sustancias perigosas.		
17 04 11	Cables distintos dos especificados en 17 04 10	0,01	
17 06 01*	Materiais de illamento que conteñen amianto.		
17 06 03*	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, sustancias perigosas.		
17 06 04	Materiais de illamento distintos dos especificados en 17 06 01 e 17 06 03.		
17 06 05*	Materiais de construción que conteñen amianto (6).		
17 08 01*	Materiais a partir de xeso contaminado con sustancias perigosas.		
17 08 02	Materiais a partir de xeso distintos dos especificados en 17 08 01		
17 09 01*	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio.		
17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (por exemplo sellantes con PCB, revestimentos de solos a partir de resinas con PCB, acristalamentos dobres que conteñen PCB, condensadores que conteñen PCB).		
17 09 03*	Outros residuos de construción e demolición (incluídos os residuos mezclados) que conteñen sustancias perigosas.		
17 09 04	Residuos mezclados da construción e la demolición distintos dos especificados en 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03.	0,2	

Estudios desenvolvidos polo ITeC sobre os residuos que xera unha obra actual executada mediante unha construción convencional, permitiron establecer os seguintes valores medios, nos que se fundamenta a cuantificación da presente obra para estimar as cantidades anteriores:

Fase	Cantidade estimada
estruturas	0,01500 m ³ /m ² construído (encofrado de madeira) 0,00825 m ³ /m ² construído (encofrado metálico)
cerramentos	0,05500 m ³ /m ² construído
acabados	0,05000 m ³ /m ² construído

Tamén se tiveron en conta as táboas elaboradas pola Consellería de Medio Ambiente sobre residuos da construción producidos en obra. A estimación referida a obra nova destinada a edificios habitables (vivendas, oficinas,...) recóllese na seguinte táboa:

Residuo	Cantidade estimada
Ladrillo	15 k/m ² superficie construída
Formigón	32 k/m ² superficie construída
Pedra	2 k/m ² superficie construída
Σ escombros	50 k/m ² superficie construída
Madeira	26,25 k/m ² superficie construída
Plásticos	5,60 k/m ² superficie construída
Metais	0,35 k/m ² superficie construída
Outros (disolventes, barniz, pinturas...)	1 k/m ² superficie construída

Se trata de prever de xeito "aproximado" a cantidade de materiais sobrantes, de residuos producidos.

II. Medidas para a prevención de residuos na obra OBXECTO do proxecto

A maior parte dos residuos que se xeran na obra son de natureza non perigosa. Para este tipo de residuos no se prevé ningunha medida específica de prevención mais alá das que implican un manexo coidadoso.

Con respecto ás moderadas cantidades de residuos contaminantes ou perigosas, se tratarán con precaución e preferiblemente se retirarán da obra a medida que se vaian empregando. O construtor se encargará de almacenar separadamente estes residuos hasta a súa entrega ó "xestor de residuos" correspondente e, no seu caso, especificará nos contratos a formalizar cos subcontratistas a obriga destes de retirar da obra tódolos residuos xerados pola súa actividade, así como de responsabilizarse da súa xestión posterior.

III. OPERACIÓNS de reutilización, valoración ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra

O xestor autorizado de RCD pode orientar e aconsellar sobre os tipos de residuos e a forma de xestión mais adecuada. Pode indicarnos si existen posibilidades de reciclaxe e reutilización en orixe.

Segundo o anexo I da Orden MAM/304/2002 sobre residuos, se consideran as seguintes operacións de conformidade con la Decisión 96/35/CE relativa ós residuos. Na táboa se indica si as accións consideradas se realizarán ou non na presente obra:

Código	Operación	SI	NO
D	ELIMINACIÓN	(marcar con X)	
D 10	Incineración en terra		X
D 11	Incineración no mar		X
R	VALORIZACIÓN		
R 1	Utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía		X
R 4	Reciclado ou recuperación de metais e de compostos metálicos		X
R 10	Tratamento de solos, producindo un beneficio a la agricultura ou una mellora ecolóxica dos mesmos		X

Na táboa que sigue se indican si as accións de REUTILIZACIÓN consideradas se realizarán ou non na presente obra:

Destino	Operación	SI	NO
	REUTILIZACIÓN	(marcar con X)	
Recheo	Mezclas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, distintas ás especificadas no código 17 01 06	X	
Recheo	Materiais de construción a partir de xeso distintos ós especificados no código 17 08 01		X

IV. Medidas para a separación de residuos

Os residuos da mesma natureza ou similares deben ser almacenados nos mesmos contedores, xa que de esta forma aproveitase mellor o espazo e se facilita a súa posterior valorización.

En caso de residuos perigosas:

- Deben separarse e gardarse nun contedor seguro ou nunha zona reservada, que permaneza cerrada cando non se utilice e debidamente protexida da chuvia.
- Ha de impedirse que un eventual vertido de estes materiais chegue ó solo, xa que doutro modo causaríaa súa contaminación. Polo tanto, será necesaria unha impermeabilización do mesmo mediante a construción de soleiras de formigón ou zonas asfaltadas.
- Os recipientes nos que se garden deben estar etiquetados con claridade e cerrar perfectamente,

para evitar derrames ou perdas por evaporación.

- Os recipientes en si mesmos tamén merecen un manexo e evacuación especiais: débense protexer do calor excesivo ou do fogo, xa que conteñen produtos facilmente inflamables.

Podemos considerar que a xestión interna dos residuos da obra, cando se aplican criterios de clasificación, costa, aproximadamente, 2,7 horas persoa/m³.

V. INSTALACIÓNS previstas para o ALMACENAMIENTO de residuos, MANEXO, separación e outras OPERACIÓNS.

No plano de conxunto da proposta indícase a situación dos elementos de almacenamento de residuos, manexo, separación e operacións de entrada e saída do perímetro da obra para retirar os residuos da mesma.

En calquera caso, polo xeral sempre serán necesarios, como mínimo, os seguintes elementos de almacenamento:

- Unha zona específica para almacenamento de materiais reutilizables.
- Un contedor para residuos pétreos.
- Un contedor e/ou un compactador para residuos banais.
- Uno ou varios contedores para materiais contaminados.
- No caso de obra nova, e durante la fase de enxeados, un contedor específico para este tipo de residuos.

VI. Prego de PRESCRICIÓNs técnicas particulares

O Prego de condicións da parte referente a residuos forma parte do contido do Prego de condicións xerais e particulares do proxecto.

VII. Valoración do CUSTE previsto da XESTIÓN

O custe previsto da xestión de residuos ascende á cantidade de dous mil sesenta e cinco euros con corenta es seis céntimos (2.065,46 €).

ÍNDICE

CAPÍTULO 1.- CONDICIÓN XERAL

- 1.1. OXECTO DESTE PREGO
- 1.2. DISPOSICIÓN OFICIAIS
- 1.3. CONDICIÓN APLICABLES EN XERAL
- 1.4. INSPECCIÓN DAS OBRAS
- 1.5. ORDE E PRAZO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS
- 1.6. MODIFICACIÓN DO PROXECTO
- 1.7. PRECAUCIÓN A ADOPTAR DURANTE A CONSTRUCCIÓN
- 1.8. RELACIÓN LEGAIS E RESPONSABILIDADES CO PÚBLICO
- 1.9. REPRESENTANTE DO CONTRATISTA
- 1.10. RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA
- 1.11. DESCRICIÓN DAS OBRAS
- 1.12. CONDICIÓN ESPECIALS
- 1.13. GASTOS DE CARÁCTER XERAL A CARGO DO CONTRATISTA

CAPÍTULO 2.- CONDICIÓN DOS MATERIAIS

- 2.0. MATERIAIS EN XERAL
- 2.1. CANTEIRAS
- 2.2. DEMOLICIÓN
- 2.3. RECHEOS E TERRAPLÉN
- 2.4. ESCAVACIÓN
- 2.5. SUB-BASE GRANULAR
- 2.6. ZAHORRA ARTIFICIAL
- 2.7. FORMIGÓN
- 2.8. ÁRIDOS A EMPREGAR EN MORTEIROS E FORMIGÓN
- 2.9. AUGA A EMPREGAR EN MORTEIROS E FORMIGÓN
- 2.10. CEMENTO
- 2.11. MADEIRAS PARA ENCOFRADOS E OBRAS PROVISIONAIS
- 2.12. PAVIMENTOS DE FORMIGÓN
- 2.13. ELEMENTOS AUXILIARES PAR PARAMENTOS DE FORMIGÓN
- 2.14. RIGOLAS
- 2.15. RIGOLAS DE PEDRA NATURAL E DE MORTEIRO DE CEMENTO
- 2.16. RIGOLAS DE PEZAS DE FORMIGÓN
- 2.17. PAVIMENTO DE LASTRO DE GRANITO ECOLÓXICO
- 2.18. PRISMAS E CILINDROS DE GRANITO
- 2.19. XEOTÉXTIS
- 2.20. ACEIRO PARA ARMADURAS
- 2.21. ACEIRO LAMINADO
- 2.21. APEOS E CIMBRAS
- 2.23. SUMIDOIROS
- 2.24. FUNDICIÓN PARA TAPAS, REIXAS E CERCAS
- 2.25. ARQUETAS DE POZOS DE REXISTRO
- 2.26. TUBOS DE SANEAMENTO
- 2.27. TUBOS DE ABASTECIMENTO

- 2.28. VÁLVULAS DE COMPORTA
- 2.29. MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS
- 2.30. TUBOS DE PVC PARA CANALIZACIÓNS ELÉCTRICAS
- 2.31. POSTA A TERRA
- 2.32. CENTRO DE MANDO
- 2.33. CABLES
- 2.34. CABLES AÉREOS DE BAIXA TENSIÓN
- 2.35. CABLE SUBTERRÁNEO DE BAIXA TENSIÓN
- 2.36. EMPALMES
- 2.37. PUNTOS DE LUZ
- 2.38. MATERIAIS PARA REDE TELEFÓNICA
- 2.39. ALCORQUE
- 2.40. OBRAS DE XARDINERÍA
- 2.41. CONSERVACIÓN DA XARDINERÍA
- 2.42. MARCAS VIAIS
- 2.43. MOBILIARIO URBANO
- 2.44. OUTROS MATERIAIS
- 2.45. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

CAPÍTULO 3.- CONDICIÓNS DA EXECUCIÓN DAS OBRAS

- 3.1. REPLANTEO
- 3.2. EXECUCIÓN DAS OBRAS
- 3.3. OBRAS MAL EXECUTADAS
- 3.4. OBRAS NON DETALLADAS
- 3.5. LIMPEZA DA OBRA
- 3.6. EVITACIÓN DE CONTAMINACIÓNS
- 3.7. LUGAR DE PROVISIÓNS
- 3.8. FACILIDADES Á INSPECCIÓN
- 3.9. CONSTRUCCIÓNS AUXILIARES
- 3.10. INSTALACIÓNS PROVISIONAIS
- 3.11. RETIRADA DOS MEDIOS AUXILIARES
- 3.12. EXECUCIÓN XERAL DAS OBRAS
- 3.13. ENSAIOS
- 3.14. SINALIZACIÓN E PRECAUCIÓNS
- 3.15. PRECAUCIÓNS DURANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS
- 3.16. SUB-CONTRATISTA
- 3.17. UNIDADES NON INCLUÍDAS
- 3.18. OUTROS TRABALLOS
- 3.19. ROZADO OU LIMPEZA DO TERREO
- 3.20. ESCAVACIÓN EN DESMONTE
- 3.21. TERRAPLÉNS
- 3.22. OBRAS DE REFINO, PERFILADO E MODELADO DO TERREO
- 3.23. ESCAVACIÓN EN GABIA PARA CONDUCCIÓNS
- 3.24. RECHEO DE GABIAS DE CONDUCCIÓNS
- 3.25. BASES DE ZAHORRA ARTIFICIAL
- 3.26. SUB-BASE GRANULAR
- 3.27. COLOCACIÓN DE XEOTÉXTILES
- 3.28. PAVIMENTO DE LOUSAS DE GRANITO
- 3.29. CHANZO DE GRANITO

- 3.30. PETOS DE GRANITO
- 3.31. PAVIMENTO DE LASTROS DE GRANITO
- 3.32. FORMIGÓN
- 3.33. FORMIGÓN EN OBRAS DE FÁBRICA, ARQUETAS E MACIZOS
- 3.34. ENCOFRADOS
- 3.35. COLOCACIÓN DE TUBOS DE SANEAMIENTO
- 3.36. COLOCACIÓN DE TUBOS DE ABASTECIMIENTO
- 3.37. REDE DE ILUMINACIÓN
- 3.38. CONDUCCIONES ELÉCTRICAS DE PVC
- 3.39. EXECUCIÓN DAS OBRAS DE XARDINERÍA
- 3.40. CONSERVACIÓN DA XARDINERÍA
- 3.41. MARCAS VIAIS
- 3.42. OBRAS NON ESPECIFICADAS

CAPÍTULO 4.- MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS

- 4.1. NORMAS XERAIS
- 4.2. MODO DE ABONA-LAS OBRAS CONCLUÍDAS, AS INCOMPLETAS E AS DEFECTUOSAS
- 4.3. OBRA EN EXCESO
- 4.4. CONSIDERACIÓN XERAIS SOBRE MEDICIÓN DAS OBRAS
- 4.5. TRANSPORTE
- 4.6. REPLANTEOS
- 4.7. MEDICIÓN E ABONO

CAPÍTULO 5.- DISPOSICIÓN XERAIS

- 5.1. CONTRADICCIÓN, OMISIÓN OU ERROS
- 5.2. TRABALLOS PREPARATORIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS
- 5.3. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO
- 5.4. FIXACIÓN E CONSERVACIÓN DOS PUNTOS DE REPLANTEO
- 5.5. PROGRAMACIÓN DOS TRABALLOS
- 5.6. PRAZO DE EXECUCIÓN
- 5.7. DESENVOLVEMENTO E CONTROL DAS OBRAS
- 5.8. EQUIPOS E MAQUINARIA
- 5.9. ENSAIOS
- 5.10. MATERIAIS
- 5.11. PROVISIÓN
- 5.12. TRABALLOS NOCTURNOS
- 5.13. ACCIDENTES DE TRABALLO
- 5.14. DESCANSO EN DÍAS FESTIVOS
- 5.15. TRABALLOS DEFECTUOSOS E NON AUTORIZADOS
- 5.16. SINALIZACIÓN DAS OBRAS
- 5.17. RESPONSABILIDADES ESPECIAIS DO CONTRATISTA DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS
- 5.18. DANOS E PREXUÍZOS
- 5.19. OBXECTOS ENCONTRADOS
- 5.20. EVITACIÓN DE CONTAMINACIÓN
- 5.21. PERMISOS E LICENCIAS
- 5.22. PERSOAL DO CONTRATISTA
- 5.23. MEDICIÓN DAS OBRAS



- 5.24. ABONO DAS OBRAS. CERTIFICACIÓNS
- 5.25. RECEPCIÓNS, GARANTÍAS E OBRIGAS DO CONTRATISTA
- 5.26. RECEPCIÓN DAS OBRAS
- 5.27. PRAZO DE GARANTÍA
- 5.28. OBRIGAS DO CONTRATISTA
- 5.29. PRESCRICIÓNS PARTICULARES
- 5.30. INSPECCIÓN E VIXILANCIA DAS OBRAS
- 5.31. EXECUCIÓN DAS OBRAS
- 5.32. MODIFICACIÓNS NAS OBRAS PROXECTADAS

CAPÍTULO 1.- CONDICIÓN XERAIS

1.1. OBXECTO DESTE PREGO

O presente Prego de Condicións comprende as que son preceptivas para a execución das obras de "ARRANXO DE URBANIZACIÓN. PM5-03. O MILLADOIRO", no Concello de Ames.

1.2. DISPOSICIÓN OFICIAIS

En todo aquilo no que non se encontren expresamente modificadas polo contido do presente Prego, caso no que prevalecerá este, son de aplicación ás obras deste Proxecto as disposicións oficiais contidas nas Normas de Obrigada Cumprimento recollidas na páxina web do COAG. Dada a facilidade da súa consulta non se considera a necesidade de incorporalas pormenorizadamente neste documento.

O Director Técnico decidirá sobre as discrepancias que poidan existir entre as disposicións referidas, determinando cal será de aplicación en cada caso.

1.3. CONDICIÓN APLICABLES EN XERAL

En todo o non previsto expresamente neste Prego entenderase que son aplicables os preceptos da Lexislación Xeral de Obras Públicas ou o vixente sobre contratación administrativa e a Lexislación Social e Laboral, estando, por tanto o contratista obrigado ó seu cumprimento.

1.4. INSPECCIÓN DAS OBRAS

O contratista proporcionará á Dirección Facultativa ou os seus subalternos ou delegados, toda clase de facilidades para a comprobación de replanteos, recoñecemento, medicións e probas materiais, así como para a inspección das condicións establecidas neste Prego, permitindo o acceso a tódalas partes da obra e incluso ós talleres ou fábricas onde se produzan os materiais ou se realicen traballos para as obras

1.5. ORDE E PRAZO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

Dentro dos quince días (15) seguintes á data da adxudicación definitiva, o Constructor deberá presentar á Dirección Facultativa un plan de orde de execución de traballos e de adopción de medios auxiliares, xustificando que as obras contratadas poderán executarse de conformidade cos prazos e demais condicións da Contrata.

O orde de execución dos traballos será subordinado de modo que se cumpran os diversos prazos parciais que se establezan, entendéndose que cando as obras resultasen atrasadas respecto ós prazos marcados, estimarase o atraso como incumprimento do contrato por parte do Constructor, con tódalas consecuencias previstas no Prego de Condicións Xerais.

O prazo total para a execución das obras deste proxecto será o que determine o Prego de Condicións Particulares e Económicas para a súa adxudicación.

1.6. MODIFICACIÓN DO PROXECTO

O Director Técnico poderá introducir no Proxecto, antes de empeza-las obras ou durante a súa execución, as modificacións que sexan precisas para a normal construción das mesmas, aínda que non se teñan previsto no Proxecto e sempre que non se separen do seu espírito e recta interpretación. Tamén poderá introducir aquelas modificacións que produzan aumento ou diminución e aínda

supresión nas cantidades de obra, marcadas no Presupuesto ou substitución dunha unidade por outra, sempre que esta sexa das comprendidas no Contrato.

Todas estas modificacións serán obrigatorias para o Contratista sempre que, ós prezos do Contrato, sen ulteriores revisións, non alteren o Presupuesto de Adxudicación en máis dun vinte por cento (20%), tanto por exceso coma por defecto.

1.7. PRECAUCIÓNS A ADOPTAR DURANTE A CONSTRUCCIÓN

A sinalización e balizamento das obras durante a súa execución farase de acordo coa lexislación vixente.

1.8. RELACIÓNS LEGAIS E RESPONSABILIDADES CO PÚBLICO

O adxudicatario deberá obter tódolos permisos e licencias necesarias para a execución das obras, con excepción das correspondentes á expropiación das zonas definidas no proxecto que deban ocuparse permanentemente.

Ademais serán por conta do contratista as indemnizacións a que houbera lugar por prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia de accidentes de tráfico debidos a unha sinalización insuficiente ou defectuosa imputable a aquel.

Así mesmo, serán por conta do adxudicatario as indemnizacións que houbera lugar por prexuízos que se ocasionen a terceiros por interrupción de servizos públicos ou particulares, danos causados nos seus bens por apertura de gabias ou desvíos de canles, habilitación de camiños provisionais, explotación de canteiras e préstamos, establecementos e almacéns, talleres, depósitos de maquinaria e materiais e cantas operacións requiran a execución das obras, sempre que non se atopen comprendidas no proxecto respectivo, ou se deriven dunha actuación culpable ou negligencia do adxudicatario.

1.9. REPRESENTANTE DO CONTRATISTA

Unha vez adxudicadas definitivamente as obras, o Contratista designará unha persoa que asuma a dirección dos traballos que se executen e que actúe como o seu representante diante da Administración a tódolos efectos que se requiran, durante a execución das obras.

Dito representante deberá residir nun punto próximo ós traballos e non poderá ausentarse sen poñelo en coñecemento do Director Técnico.

1.10. RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA

O Contratista será responsable, durante a execución das obras, de tódolos danos e prexuízos, directos ou indirectos, que se poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo público ou privado como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ó seu cargo ou dunha deficiente organización ou execución das obras.

Os servizos e propiedades tanto públicos coma privados que resulten danadas deberán ser reparadas pola súa conta e as persoas que resulten prexudicadas deberán ser compensadas adecuadamente polo citado Contratista.

Terase especial coidado ó efectua-las demolicións e escavacións con vivendas, garaxes, almacéns, construcións, conducións e servizos existentes, estando o Contratista obrigado a repoñer inmediatamente e ó seu cargo todo dano causado. Se a Dirección estimase que algún dos servizos deberá cambiar de posición ou trazado, o Contratista estará obrigado a efectua-lo cambio sen dereito a reclamación algunha salvo o ser reintegrado do seu custo.

O Contratista deberá aplicar tódalas normas que lle sexan de aplicación sobre demolicións e seguridade, non eximíndolle da súa responsabilidade o descoñecemento das mesmas. Tamén está

obrigado a obter tódolos permisos e licencias que sexan necesarios para a correcta execución das obras, sendo pola súa conta os gastos que supoña.

1.11. DESCRICIÓN DAS OBRAS

A descrición e definición das obras efectúase respectivamente nos Documentos Memoria e Planos.

1.12. CONDICIÓNES ESPECIAIS

Será obrigatoria da Empresa Constructora unha vez adxudicados os traballos, elabora-los planos de detalle e os cálculos estáticos complementarios precisos para a execución da obra, en particular: encofrados e entibacións.

No Proxecto existen pezas que pola variabilidade das formas constructivas posibles se definiron de forma indicativa. O Contratista someterá á aprobación do Director Técnico as distintas propostas. O Contratista elaborará en base ó estudio que acompaña a este Proxecto o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo, que someterá á aprobación da Administración.

1.13. GASTOS DE CARÁCTER XERAL A CARGO DO CONTRATISTA

Serán por conta do contratista: o 1% para control de calidade e o 1% para inspección e vixilancia. Ámbalas dúas porcentaxes referidas ó Presuposto de Execución por Contrata do Proxecto Base de Licitación.

CAPÍTULO 2.- CONDICIÓN DOS MATERIAIS

2.0 MATERIAIS EN XERAL

Cantos materiais se empreguen na obra, estean ou non citados expresamente no presente Prego, serán da mellor calidade e reunirán as condicións de bondade esixidas na boa práctica da construción e se non o houbese na localidade, deberá traelos o Contratista do sitio oportuno. Terán as dimensións e características que marcan os Documentos do Proxecto ou indique a Dirección de Obra durante a súa execución.

A chegada dos materiais non supón a admisión definitiva mentres non se autorice pola Dirección de Obra. Os materiais rechazados serán inmediatamente retirados da obra.

O Contratista poderá propoñer e presentar marcas e mostras dos materiais para a súa aprobación e os certificados dos ensaios e análises que a Dirección xulgue necesarios, os cales faranse nos laboratorios e talleres que se determinen ó contratista. As mostras dos materiais serán gardadas xuntamente cos certificados das análises para a comprobación dos materiais.

Todos estes exames previos non supoñen a recepción dos materiais. Polo tanto, a responsabilidade do Contratista, no cumprimento desta obriga, non cesará mentres non sexan recibidas as obras nas que se teñan empregados. Por conseguinte a Dirección de Obra pode mandar retirar aqueles materiais que, aínda estando colocados, presenten defectos non observados no recoñecemento.

2.1 CANTEIRAS

É de responsabilidade do Contratista a elección de canteiras para a obtención dos materiais necesarios para a execución das obras (todo-un, recheos, áridos para formigóns, etc.).

Non obstante deberá terse en consideración os seguintes puntos:

- En ningún caso se considerará que a canteira ou a súa explotación forma parte da obra.
- O Contratista deberá satisfacer pola súa conta a compra de terreos ou a indemnización por ocupación temporal dos mesmos, cánones, etc., os cales estarán incluídos no prezo unitario das unidades afectadas.
- En calquera caso, é de total responsabilidade do Contratista a elección e explotación das canteiras, tanto no relativo a calidade de materiais coma ó volume explotable dos mesmos. O Contratista é o que debe conseguir diante das autoridades oportunas tódolos permisos e licencias que sexan precisas pola explotación das canteiras.
- Tódolos gastos derivados destes conceptos consideraranse incluídos nos prezos.
- Os accesos a canteiras, así como os enlaces entre estas e a obra, correrán a cargo do Contratista e non deberán interferir noutras obras que se estean realizando na área.
- O Contratista vén obrigado a eliminar, pola súa conta, os materiais de calidade inferior á esixida que aparezan durante os traballos de explotación da canteira.
- Serán pola conta do Contratista, sen que por iso poida reclamar indemnización algunha, os danos que se poidan ocasionar con motivo das tomas de mostras, extracción, preparación, transporte e depósito dos materiais.

2.2 DEMOLICIÓNS

Será de aplicación o que especifica o artigo 301 do PG-3 (modificado pola Orde FOM/1382/2002) e a zona onde se verta deberá ser aprobada pola Dirección Facultativa.

2.3 RECHEOS E TERRAPLÉNS TIPOS DE SOLOS. CONDICIÓN XERAIS

Atendendo á súa utilización como parte da explanada, os solos clasifícanse en: inadecuados, tolerables, adecuados e seleccionados, de acordo coas características sinaladas no artigo 330.3 do PG-3.

Materiais a empregar en terrapléns

Os materiais que formarán as distintas partes que compoñen un terraplén ou recheo haberán de ser aprobadas polo Director Técnico e cumpri-las condicións que se fixan a continuación:

Coroamento: estará composta por solo seleccionado, nun grosor de cincuenta (50) centímetros. Non obstante, o Director Técnico poderá aumentar ou reducir grosos e autoriza-lo emprego de solo adecuado, atendendo á calidade do solo que se obteña nos desmontes da propia obra.

Núcleo e cimento: Estas partes da obra estarán compostas por materiais que cumpran polo menos as condicións do solo tolerable, procurando situa-las de peor calidade nas zonas en que non vaian a sufrir nin fortes cargas, nin variación de humidade.

2.4 ESCAVACIÓN

A. EN GABIAS, POZOS E CIMENTOS

Será de aplicación o artigo 321 do PG-3 "Escavación en gabias e pozos", modificado pola Orde FOM/1382/2002. Ademais, serán aplicables as prescricións do artigo 320, "Escavación da explanación e préstamos" do PG-3, tendo en conta o seguinte:

A escavación considerarase como non clasificada.

Ensaio

Os ensaios a realizar para o control de cada unidade de obra fixaranse no Plan de Control que a Dirección Técnica aprobará tomando como base as "Recomendacións para el Control de Calidad en Obras de Carreteras" do MOPT.

B. EXCAVACIONES PARA REBAIXE DO CHAN

Limpeza, desbroce e escavación para a formación de explanación ou caixa de pavimento, en calquera tipo de solo con medios manuais, mecánicos, martillo picador rompedor e carga sobre camión.

A súa execución comprende as operacións seguintes:

- Preparación da zona de traballo.
- Situación dos puntos topográficos.
- Escavación das terras.
- Carga das terras sobre camión.

O fondo da escavación deixarase plano, nivelado ou coa inclinación prevista.

A achega de terras para correccións de nivel será mínima terra existente e con igual compactidade.

Tolerancias de execución:

Explanación:

- Reformulo ± 100 mm.
- Niveis ± 50 ".
- Planidade ± 40 mm/m.

Caixa de pavimento:

- Reformulo ± 50 mm.
- Planidade ± 20 mm/m.

- Anchura ± 50 mm.
- Niveis +10".
- 50 mm/m.

Condições do proceso de execución das obras:

- En cada caso de imprevistos (terreos inundados, olores a gas, restos de construcións, etc.) suspenderanse os traballos e avisarase a D.F.
- Non se acumularán as terras ou materiais preto da escavación.

Explanación:

- As terras sacarase de arriba a abaixo sen socavalas. Deixarase os taludes que fixe a D.F.
- Extraeranse as terras ou os materiais con perigo de desprendemento.

Caixa de pavimento:

A calidade do terreo no fondo da escavación requirirá a aprobación explícita da D.F.

Impedirase a entrada de augas superficiais. Preverase un sistema de desaugadoiro co fin de evitar a acumulación de auga dentro da escavación.

Control e criterios de aceptación e rexeitamento: m³ de volume medido segundo as especificacións da D.T.

Condições de uso e mantemento: segundo especificacións da D.T

2.5. SUB-BASE GRANULAR (ZAHORRA NATURAL)

Os materiais a empregar en sub-base granular deberán cumpri-lo sinalado nos artigos 510.2 e 510.3 do PG-3, introducidos pola Orde Circular 10/2002, e ademais:

A curva granulométrica do árido grosso estará comprendida dentro dun dos fusos sinalados no cadro 510.3.2 do PG-3.

2.6. ZAHORRA ARTIFICIAL

Os materiais a empregar en zahorra artificial deberán cumpri-lo sinalado nos artigos 510.2 e 510.3 do PG-3, introducidos pola Orde Circular 10/2002 (e nas modificacións da Orde de FOM 891/2004), e ademais:

A curva granulométrica do árido grosso estará comprendida dentro dun dos fusos sinalados no cadro 510.3.1 do PG-3.

2.7. FORMIGÓN

Os formigóns deberán cumpri-lo sinalado no artigo 30 da EHE e ademais, salvo autorización en contra do Director Técnico a consistencia será plástica. A resistencia será a especificada nos planos. Se o formigón se subministra preparado deberá cumpri-lo especificado na Instrucción EHPRE-72 e nos artigos 69.2.1. a 69.2.9 da EHE. Os formigóns para pavimentos serán do tipo HP-35 e deberán cumpri-lo establecido no art. 550 das O.C. 5/2001.

2.8. ÁRIDOS A EMPREGAR EN MORTEIROS E FORMIGÓN

Deberán cumpri-lo sinalado no artigo 8 da EHE e nas normas UNE respecto da súa granulometría, prescrición físico-químicas e prescricións físico-mecánicas.

2.9. AUGA A EMPREGAR EN MORTEIROS E FORMIGÓN

A auga a empregar en morteiros e formigóns cumprirá o sinalado no artigo 27 da EHE.

Ensaio

As características da auga a empregar en morteiros e formigóns comprobaranse antes da súa utilización, mediante a execución das series completas ou reducidas de ensaios que estime pertinente o Director Técnico.

2.10. CEMENTO

Deberá cumprilo especificado no artigo 26 da EHE.

O cemento almacenarase de forma que estea protexido da humidade.

Para un período de almacenaxe prolongado comprobarase dentro dos primeiros 20 días anteriores ó seu emprego que as distintas partidas cumpren o esixido pola EHE. Ditas comprobacións dirixiranse ás probas de fraguado e resistencia do morteiro ás que fai referencia o artigo 26.3 da EHE.

2.11. MADEIRAS PARA ENCOFRADOS E OBRAS PROVISIONAIS

Calquera que sexa a súa procedencia as madeiras que se empreguen tanto en construcións definitivas coma en provisionais ou auxiliares que esixa a construción daquelas, tales coma cimbras, encofrados, andamios, atanguías, pasos provisionais, etc., deberán reuni-las condicións seguintes:

Estará desprovista de vetas ou irregularidades nas súas fibras e sen indicio de enfermidades que ocasione a descomposición do sistema leñoso.

No momento do seu emprego estará seca e en xeral conterá pouca albura, especialmente a que se destina á execución de obras definitivas.

Non se poderá empregar madeira cortada fóra da época de paralización da savaia.

2.12. PAVIMENTOS DE FORMIGÓN

Condicións dos materiais específicos e/ou das partidas de obra executada.

Pavimentos de formigón vibrado, colocados con estendedora ou con regra vibratoria.

Considéranse incluídas dentro desta unidade de obra as operacións seguintes:

Colocación con estendedora:

- Preparación e comprobación da superficie de asento.
- Colocación de elementos de guiado das máquinas.
- Colocación do formigón.
- Execución de xuntas en fresco.
- Realización da textura superficial.
- Protección do formigón fresco e curado.

Colocación con regra vibratoria:

- Preparación e comprobación da superficie de asento.
- Colocación dos encofrados laterais.
- Colocación dos elementos das xuntas.
- Colocación do formigón.
- Realización da textura superficial.
- Protección da textura superficial.
- A superficie do pavimento presentará unha textura uniforme e exenta de segregacións.
- As lousas non presentarán gretas.
- Os cantos das lousas e os labios das xuntas que presenten astilladuras repararanse con resina epoxi, segundo as instrucións da D.F.
- A anchura do pavimento non será inferior en ningún caso á prevista na D.T.

- O espesor do pavimento non será inferior en ningún punto ao previsto na D.T.
- A profundidade da textura superficial determinada polo círculo de área segundo a Norma NLT-335/87 estará comprendida entre 0,70 mm e 1 m.

Resistencia característica estimada do formigón (Fest) ao cabo de 28 días: $\geq 0,9 \times F_{ck}$

Resistencia a tracción indirecta aos 28 días (segundo UNE 83-306-85):

- Para formigón HP-35: $\geq 35 \text{ Kg/cm}^2$
- Para formigón HP-40: $\geq 40 \text{ Kg/cm}^2$
- Para formigón HP-45: $\geq 45 \text{ Kg/cm}^2$

Tolerancias de execución:

- Desviación en planta: $\pm 30 \text{ mm}$
- Cota da superficie acabada: $\pm 10 \text{ mm}$

Condições do proceso de execución das obras:

A capa non se estenderá ata que se comprabe que a superficie sobre a que debe asentarse ten as condicións de calidade e forma prevista, coas tolerancias establecidas. Se nesta superficie hai defectos ou irregularidades que excedan das tolerables, corríxiranse antes da execución da partida de obra.

Suspenderanse os traballos cando a temperatura ambiente sexa de 2°C .

Cando a temperatura ambiente sexa superior a 25°C , controlarase constantemente a temperatura do formigón, que non debe superar en ningún momento os 30°C .

En tempo caloroso, ou con vento e humidade relativa baixa, extremaranse as precaucións para evitar desecamentos superficiais e fisuración, segundo as indicacións da D.F.

Interromperase o formigonado cando chova cunha intensidade que poida provocar a deformación do canto das lousas ou a perda da textura superficial do formigón fresco.

Entre a fabricación de formigón e o seu rematado non pode pasar máis de 1h. A D.F. poderá ampliar este prazo ata un máximo de 2 h.

Diante da mestra enrasadora manterase en todo momento e en toda o ancho da pavimentadora un exceso de formigón fresco en forma de cordón de varios centímetros de altura.

Colocación con estendedora:

- O camiño de rodadura das máquinas manterase limpo cos dispositivos axeitados adaptados a estas.
- Os elementos vibratorios das máquinas non se apoiarán sobre pavimentos acabados, e deixarán de funcionar no instante en que estas se paren.
- Distánciala entre as picarañas que sosteñen o cable guía da estendedora non será superior a 10 m. Esta distancia reducirase a 5 m nas curvas de radio inferior a 500 m e nos encontros verticais de parámetro inferior a 2.000 m.
- Tensarase o cable de guía de forma que a súa frecha entre dúas picarañas consecutivas non sexa superior a 1 m.
- Protexerase a zona das xuntas da acción das eirugas interpoñendo bandas de goma, chapas metálicas ou outros materiais axeitados no caso que se formigonar unha franxa xunto a outra xa existente e se utilice esta como guía das máquinas.
- En caso de que a maquinaria utilice como elemento de rodadura un bordo ou unha franxa de pavimento de formigón previamente construído, terán que alcanzar unha idade mínima de 3 días.
- A vertedura e o estendido do formigón faranse de forma suficientemente uniforme para non desequilibrar o avance da pavimentadora.
- Esta precaución extremarase no caso de formigonado en rampla.

Colocación con regra vibratoria:

- A cantidade de encofrado dispoñible será suficiente para que nun prazo mínimo de desencofrado do formigón de 16 horas, se teña en todo momento colocada e a punto unha lonxitude de encofrado non inferior á correspondente a 3 h de formigonado.
- A terminadora terá capacidade para rematar o formigón a un ritmo igual ao de fabricación.
- A lonxitude da mestra enrasadora da pavimentadora será suficiente para que non se aprecien ondulacións na superficie do formigón.
- A vertedura e extensión realizaranse con coidado, evitando segregacións e contaminacións.
- En caso de que a calzada teña dous ou máis carrís no mesmo sentido de circulación, formigonarse como mínimo dous carrís ao mesmo tempo.
- Disporanse pasarelas móbiles para facilitar a circulación do persoal e evitar danos ao formigón fresco.
- Os cortes de formigonado terán todos os accesos sinalizados e acondicionados para protexer o pavimento construído.
- Nas xuntas lonxitudinais aplicarase un produto antiadherente no canto da franxa xa construída. Coidarase que o formigón que se coloque ao longo desta xunta sexa homoxénea e quede perfectamente compactado.
- Disporanse xuntas transversais de formigonado ao final da xornada, ou cando se produza unha interrupción do formigonado que faga temer un principio de fraguado na fronte de avance.
- Sempre que sexa posible faranse coincidir estas xuntas cunha de contracción ou de dilatación, modificando se é necesaria a situación daquelas, segundo as instrucións da D.F.
- Se non se pode facer desta forma, disporanse a máis dun metro e medio de distancias da xunta máis próxima.
- Retocarase manualmente as imperfeccións dos labios das xuntas transversais de contracción executadas no formigón fresco.
- No caso de que as xuntas se executen por inserción no formigón fresco dunha tira de material plástico ou similar, a parte superior desta non quedará por enriba da superficie do pavimento, nin a máis de 5 cm por debaixo.
- Prohibirase o rego con auga ou a extensión de morteiro sobre a superficie do formigón fresco para facilitar o seu rematado.
- Onde sexa necesario achegar material para conseguir unha zona baixa, achegarase formigón non estendido.
- No caso que a formigóns en dúas capas, estenderase a segunda antes que a primeira empece o seu fraguado. Entre a posta na obra de dúas capas non pasará máis de 1 hora.
- No caso que se pare a posta en obra do formigón máis de 1/2 h, cubrirase a fronte de forma que non se evapore a auga.
- Cando o formigón estea fresco, redondearanse os cantos da capa cun trollo curvo de 12 mm de radio.

Colocación con estendedora:

- A superficie do pavimento non se retocará, agás en zonas illadas, comprobadas cunha regra non inferior a 4 m.
- No caso que non haxa unha iluminación suficiente a criterio da D.F., pararase o formigonado da capa cunha antelación suficiente para que se pode rematar con luz natural.

- A D.F. poderá autorizar a substitución das texturas por estriado ou rañar por unha denudación química da superficie do formigón fresco.
- Despois de dar a textura ao pavimento, numeraranse as lousas exteriores da calzada con tres díxitos, aplicando un equipo ao formigón fresco.
- O formigón curarase cun produto filmógeno, agás no caso que a D.F. autorice outro sistema.
- Curaranse todas as superficies expostas da lousa, incluídos os seus bordos tan pronto como queden libres.
- Volverase aplicar produto de curado sobre as zonas en que a película formado estragárase durante o período de curado.
- Durante o período de curado e no caso dunha xeada imprevista, protexerase o formigón cunha membrana ou plástico aprobada pola D.F. ata a mañá seguinte á súa posta en obra.
- Prohibirase todo tipo de circulación sobre a capa durante os 3 días seguintes ao seu formigonado, a excepción do imprescindible para a execución de xunta se a comprobación da regularidade superficial.
- O tráfico de obra non circulará antes de 7 días dende o acabado do pavimento.
- A apertura á circulación ordinaria non se fará antes de 14 días dende o acabado do pavimento.

Control e criterios de aceptación e rexeitamento

- m³ de volume realmente executado, medido de acordo coas seccións-tipo sinaladas na D.T.
- Non se inclúen neste criterio as reparacións de irregularidades superiores á tolerable.
- Ábonase nesta unidade de obra o rego de curado

O abono dos traballos corresponderán as descripcións das medicións e presuposto do proxecto e as especificacións da D.T.

2.13 ELEMENTOS AUXILIARES PARA PAVIMENTOS DE FORMIGÓN

Condicións dos materiais específicos e/ou das partidas de obra executada

Corte de pavimento de formigón con serra de disco para obter:

- Caixa para xunta de dilatación.
- Xunta de retracción.

Considéranse incluídas dentro desta unidade de obra as operacións seguintes:

- Reformulo da xunta.
- Corte do pavimento de formigón con serra de disco.
- Limpeza da xunta.
- Eventual protección da xunta executada. Será recta e estará limpa. A súa profundidade e anchura será constante e non terá bordos esportelados.
- Estará feito nos lugares especificados na D.T. ou no seu defecto, onde indique a D.F.

Xunta de retracción:

- Terá unha profundidade $\geq 1/3$ do espesor do pavimento, no caso de que sexan aserradas.

Tolerancias de execución:

- Anchura: $\pm 10\%$
- Altura: $\pm 10\%$
- Reformulo: $\pm 1\%$

Condicións do proceso de execución das obras

As xuntas executaranse cando o formigón estea suficientemente endurecido para evitar que se esportele, e antes de que se empece a producir gretas por retracción (entre 6 e 48 h da vertedura,

segundo a temperatura exterior). Ao realizar as xuntas non se producirán danos ao pavimento (golpes, raias, etc.).

Ao rematar a xunta, se non se sela inmediatamente, se protexerá da entrada de po e do tránsito.

Control e criterios de aceptación e rexeitamento

- m de lonxitude executada realmente, medida segundo as especificacións da D.T. comprobada e aceptada expresamente pola D.F.

Condicións de uso e mantemento

Segundo especificacións da D.T.

2.14 RIGOLAS

Condicións dos materiais específicos e/ou das partidas de obra executada.

Formación de base para rigola, con formigón en masa.

Considéranse incluídas dentro desta partida de obra as operacións seguintes:

- Preparación e comprobación da superficie de asentamento.
- Colocación do formigón.
- Rematado da superficie.
- Protección do formigón fresco e curado.

O formigonado non terá gretas, disgregacións ou ocos na súa masa.

Terá unha textura uniforme e continua.

As paredes quedarán planas, aplomar e a escuadra.

A cara inferior da base quedará apoiada sobre o soporte ao mesmo nivel que a base de formigón do espacio anexo.

A sección da base non quedará diminuída en ningún punto pola introdución de elementos do encofrado nin doutros.

Resistencia característica estimada do formigón (Fest) ao cabo de 28 días: $\geq 0,9 \times F_{ck} \text{ Kg/cm}^2$.

Tolerancias de execución:

- Nivel $\pm 10 \text{ mm}$
- Planidade $\pm 4 \text{ mm/2 m}$

Condicións do proceso de execución das obras

A temperatura ambiente para formigonar estará entre 5°C e 40°C .

Suspenderanse os traballos cando a chuvia poida arrastrar a capa superficial de formigón fresco.

O soporte terá unha compactación $\geq 95\%$ do ensaio PM e as rasantes previstas.

O formigón porase en obra antes de que se inicie o seu fraguado.

A vertedura do formigón farase sen que se produzan disgregacións.

A compactación farase por vibración manual ata conseguir unha masa completa e sen que se produzan disgregacións.

Para realizar xuntas de formigonado non previstas no proxecto, é necesaria a autorización e as indicacións explícitas da D.F.

Durante o fraguado e ata conseguir o 70% da resistencia prevista manterase húmida a superficie do formigón. Este proceso será como mínimo de 3 días.

Control e criterios de aceptación e rexeitamento: m³ de volume medido segundo as especificacións da D.T.

Condicións de uso e mantemento: Segundo especificacións da D.T.

2.15 RIGOLAS DE PEDRA NATURAL E DE MORTEIRO DE CEMENTO

Condicións dos materiais específicos e/ou das partidas de obra executada

Formación de cuneta con pezas de pedra natural ou de morteiro, colocadas con morteiro.

Considéranse incluídas dentro desta partida de obra as operacións seguintes:

- Preparación e comprobación da superficie de asentamento.
- Colocación da capa de morteiro.
- Colocación das pezas.
- Colocación da calea.
- Limpeza da superficie acabada.

As pezas non estarán rotas, esporteladas ou manchadas.

As pezas formarán unha superficie plana e uniforme, estarán ben asentadas, colocadas en fiada e a tocar e en aliñacións rectas.

Axustaranse ás aliñacións previstas.

As xuntas entre as pezas serán ≤ 6 mm e quedarán rexuntadas con calea de cemento.

A cara superior terá unha pendente transversal do 2% ao 4% para o desaugadoiro do firme.

Tolerancias de execución:

- Reformulo: ± 10 mm (non acumulativos)
- Nivel: ± 10 mm
- Planidade: ± 4 mm/2 m

Condicións do proceso de execución das obras

Traballarase a unha temperatura ambiente que oscile entre 5°C e os 40°C e sen chuvias.

O soporte terá unha compactación ³ 95% do ensaio PM e as rasantes previstas.

Colocarase a pique de maceta sobre unha capa de morteiro de 3 cm de espesor.

Non se pode pisar a cuneta despois de haberse enlechado ata pasadas 24 h en verán e 48 h en inverno.

Control e criterios de aceptación e rexeitamento

m de lonxitude medida segundo as especificacións da D.T.

Condicións de uso e mantemento

Segundo especificacións da D.T.

2.16 RIGOLAS DE PEZAS DE FORMIGÓN

Condicións dos materiais específicos e/ou das partidas de obras executada

Formación de cuneta con pezas de formigón colocadas con morteiro.

Considéranse incluídas dentro desta partida de obra as operacións seguintes:

- Preparación e comprobación de morteiro.
- Colocación de capa de morteiro.
- Colocación das pezas.
- Colocación da leiteira.
- Limpeza da superficie acabada.

As pezas non estarán rotas, esporteladas ou manchadas.

As pezas formarán unha superficie plana e uniforme, estarán ben asentadas, colocadas en fiada e a tocar e en aliñacións rectas.

Axustaranse ás aliñacións previstas.

As xuntas entre as pezas serán ≤ 5 mm e quedarán recheas con calea de cemento.

Rigola sen formar de cuneta:

A cara superior terá unha pendente transversal do 2% ao 4% para o desaugadoiro do firme.

Tolerancias de execución:

- Reformulo: ± 10 mm (non acumulativos)
- Nivel: ± 10 mm
- Planidade: ± 4 mm/2 m

Condicións do proceso de execución das obras

Traballarase a unha temperatura ambiente que oscile entre 5°C e os 40°C e sen chuvias.

O soporte terá unha compactación ³ 95% do ensaio PM e as rasantes previstas.

Colocarase a pique de maceta sobre unha capa de morteiro de 3 cm de espesor.

Non se pode pisar a cuneta despois de haberse enlechado ata pasadas 24 h en verán e 48 h en inverno.

Control e criterios de aceptación e rexeitamento

m de lonxitude medida segundo as especificacións da D.T.

Condicións de uso e mantemento

Segundo especificacións da D.T.

2.16 PAVIMENTO DE LASTRO DE GRANITO

Cumprirá a norma UNE 41005. A súa cara superior será plana e os seus bordos non estarán rotos nin desgastados. Deberán ser homoxéneos, de grao fino e uniforme, de textura compacta, carecer de gretas, pelos, zonas meteorizadas e restos orgánicos.

A súa cara superior será plana e os seus bordos non estarán rotos nin desgastados.

Para a execución das obras deberá cumprirse o sinalado no artigo 560 do PG-3.

As dimensións das pezas de lastro variarán de anchura, segundo a descrición dos planos e das medicións, de xeito que a superficie executada ofrezca un aspecto "natural", sen homexeneidade do uso dun único aspecto. Deste xeito, o solado de lastro executarase *a portuguesa*.

O contratista deberá presentar, previamente, unha mostra da pedra natural, completamente terminada e de forma e dimensións semellantes ás que deban empregarse en obra, ó obxecto de comprobar se as súas características aparentes se corresponden coas definidas no proxecto.

2.17 PAVIMENTO DE LASTRO ECOLÓXICO

Pavimento de lastro, asentado sobre area, con intersticios de terra vexetal, de xeito que medre a herba entre os elementos de pedra. As condicións de execución e dos propios lastros serán semellantes ós lastros de granito.

2.18 PRISMAS E CILINDROS DE GRANITO

O granito será de cor parda ou tostada, de constitución homoxénea compacta sen módulos, non estará meteorizado, nin presentará fisuras, predominará o cuarzo sobre o feldespato e será pobre en mica. O acabado da superficie será abuxardado nas súas caras vistas. A súa resistencia a compresión será de 1.300 Kg/cm² e 2.500 Kg/cm³ de peso específico, terá 6,5 de dureza na escala de Mohs, e a súa absorción en volume de auga non sobrepasará o 1,4%.

Nas medidas da súa sección transversal admitirase tolerancia de 5 milímetros en máis ou en menos.

A forma e dimensións da súa sección transversal veñen reflectidas nos planos.

2.19 XEOTÉXTILES

Denomínanse xeotéxtiles á asociación de materiais téxtiles con materiais soltos para mellora-las características mecánicas e hidráulicas dos solos. Os xeotéxtiles a aplicar no extradorso de muros son, xeralmente, feltros "non tecidos" de fibras ou filamentos continuos que están mesturados de forma unidireccional.

Os xeotéxtiles "non tecidos" deberán ser isotópicos, presentando as mesmas propiedades mecánicas en tódalas direccións.

O feltro xeotéxtil "non tecido" de filamentos continuos de polipropileno 100% aguillado por ambas caras, a empregar, deberá reuni-las seguintes características.

CARACTERÍSTICAS	UNIDADE	NORMA	TIPOS			
			A	B	C	D
Peso/Área	g/m ²	ASTM D3776	90	110	130	140
Permeabilidade vertical	10-3 m/s	FRANCIUS	5	5	5	5
Baixo presión 2 KN/m ²	l/m ² s	INSTITUTE	450	420	360	330
Abertura de poro Dw	mm	FRANCIUS	0,13	0,13	0,12	0,12
Perforación caída cono	mm	TRC, SF	25	21	17	16
Resistencia a perforación	N	SDN-640550	980	1.140	1.350	1.450
Resistencia tracción	KN/m	ASTM D 4595	5,9	7,2	8,3	9,2
Grosor carga 2 KN/m ²	mm	ASTM D 1777	1,1	1,2	1,4	1,5

Para o reforzo do firme utilizarase xeotéxtil de fibra tecida de polipropileno de 240 gr/m², que permite levar a cabo tres funcións esenciais: selado, redución de esforzos e adhesión da capa.

2.20 ACEIRO PARA ARMADURAS

O aceiro para armaduras pasivas deberá cumpri-lo especificado no artigo 31 da EHE, e ademais: O aceiro será do tipo: B 500 S, salvo autorización en contra do Director Técnico.

2.21 ACEIRO LAMINADO CARACTERÍSTICAS

Os laminados de aceiro a utilizar na construción de estruturas, tanto nos seus elementos estruturais coma nos de unión cumprirán as condicións esixidas pola Norma UNE 36-080 coas limitacións establecidas nelas. O Prego de Prescricións Técnicas Particulares e/ou os Planos de Proxecto ou ben o Cadro de Prezos indicarán aqueles casos que esixan especiais características e proporcionará a información necesaria que determine as calidades de aceiro apto para cada caso.

A estrutura do aceiro será homoxénea, conseguida por un bo proceso de fabricación e por un correcto laminado, estando exenta de defectos que prexudiquen á calidade do material.

Os produtos laminados terán superficie lisa sen defectos superficiais de importancia que afecten á súa utilización. As irregularidades superficiais como raiados, pregues e fisuras serán reparados mediante adecuados procedementos previo consentimento do Director Técnico.

Serán admisibles os defectos superficiais cando, suprimidos por esmerilado, o perfil en cuestión cumpra as tolerancias establecidas no capítulo 10 da Instrución "Recomendacións para o proxecto de pontes mixtas para estradas".

Os produtos laminados deberán ser aprovisionados polo Contratista en parque adecuado, clasificados por series e clases, de forma que sexa cómoda a verificación das marcas, o reconto, pesaxe e manipulación en xeral. O tempo de permanencia a intemperie quedará limitado pola condición de que unha vez eliminado o óxido superficial antes da súa posta en obra, os perfís cumpran as especificacións do capítulo 11 da Instrución "Recomendacións para o proxecto de pontes mixtas para estradas". O contratista deberá evitar calquera tipo de golpe brusco sobre os materiais e toma-las necesarias precaucións a fin de que durante a manipulación que haxa de efectuarse, ningún elemento sexa sometido a esforzos, deformacións ou trato inadecuado.

Control de calidade

Naqueles casos en que se solicite un aceiro con características de boa soldabilidade, levarase a cabo un número mínimo de 10 ensaios de pregado sobre soldadura depositada, por cada lote de 10 t. ou parte de material subministrado, de acordo coa Norma DIN 17.100.

Son admisibles os efectos superficiais cando suprimidos por esmerilado o perfil cumpre as tolerancias.

2.22 APEOS E CIMBRAS

Os apeos e cimbras cumprirán o que establece o artigo 681 do PG-3.

2.23 SUMIDOIROS

Serán de aplicación as especificacións do artigo 411 do PG-3, tendo en conta o seguinte:

O formigón dos sumidoiros será do tipo sinalado en planos. A medición realizarase por unidades completamente terminadas. O abono inclúe o formigón, o encofrado, a reixa e cerca de fundición.

2.24 FUNDICIÓN PARA TAPAS, REIXAS E CERCAS

As fundicións serán de segunda fusión. A fractura presentará un grao fino e homoxéneo.

Deberán ser tenaces e duras podendo, sen embargo, traballalas con lima e burel. Non terán bolsas de aire ou ocos. A resistencia mínima a tracción será de 15 Kgrs/mm² (quince quilogramos por milímetro cadrado). As tapas de rexistro serán de fundición e axustaranse ó modelo sinalado en planos. Tódalas tapas de pozos, arquetas, cámaras de descarga e reixas de sumidoiros deberán estar dimensionadas para poder resistir-lo paso de tráfico pesado. As súas características axustaranse ó especificado na norma UNE EN-124.

2.25 ARQUETAS DE POZOS DE REXISTRO

Será de aplicación o especificado polo PG-3, no seu artigo 410, e en caso de discrepancia, o indicado nos planos do proxecto.

O formigón para a súa realización será o sinalado en planos.

As tapas e reixas destes elementos serán as usuais neste tipo de obra, tendo en conta a posibilidade de que un vehículo pesado poida, eventualmente, circular sobre as mesmas.

2.26 TUBOS DE SANEAMENTO

Presentarán ámbalas dúas superficies totalmente lisas, coa alma parcialmente oca no sentido lonxitudinal e cun extremo liso e outro abocardado con caixeira. Estarán elaborados mediante extrusión con resina de PVC virxe.

Cumprirán tódalas especificacións do tipo A1, segundo a Norma Europea EN (155W 1009). En función da súa rixidez circunferencial estarán clasificados como SN 4, segundo ISO 9969. Estarán homologados por Documento de Idoneidade Técnica.

Ademais cumprirán as seguintes condicións:

- Menos do 10% de roturas no ensaio de resistencia ó impacto, segundo EN 744.
- Deformación do 30% sen defectos no ensaio de ovalación, segundo prEN WI 082.
- Valores superiores a 77° no ensaio de temperatura de rebrandecemento Vicat, segundo prEN 727. As xuntas serán prefabricadas, elásticas, labiadas e protexidas contra a intemperie. Os tubos deberán ser perfectamente estancos sometidos a presión de proba interior de 2,5 kg/cm². Os tubos

colocados efectuaráselles unha proba en foxo con presión interior de 0,5 kg/cm², e non han de producirse perdas nin exsudacións.

tubo Drenaxe

Será de aplicación o que especifica o artigo 420 do PG-3, modificado pola Orde FOM/1382/2002, tendo en conta o seguinte:

- O material empregado na súa fabricación será P.V.C. duro, exento de plastificantes e cargas, cun contido máximo de cinzas do 1,26%.
- Serán de forma ovoide, pero coa súa parte inferior plana. A relación na sección transversal entre o lado e plano e o seu diámetro nominal estará comprendida entre 0,6 e 0,65.
- Presentarán perforacións na súa parte superior nun arco comprendido entre 200° e 230° e superficie pechada na súa parte inferior. Da mesma maneira, na zona perforada, presentarán resaltes que colaboren á entrada da auga. A capacidade de absorción será superior a cento oitenta litros por minuto e decímetro cadrado de superficie (180 l/min. dm².), baixo unha carga hidrostática H/D = 2,5, sendo H a altura de auga sobre a base e D o diámetro nominal.

A xuízo da Dirección Facultativa, faranse os seguintes tipos de ensaios:

- Comprobación de forma e dimensións.
- Ensaio da capacidade de absorción.

2.27 TUBOS DE ABASTECIMENTO. TUBOS E PEZAS ACCESORIAS DE FUNDICIÓN DÚCTIL

Os tubos de Fundición Dúctil deberán reuni-las seguintes características principais:

- En xeral cumpriran as especificacións que contén a normativa ISO 2531 para tubos e unión de ferro fundido dúctil en canalizacións a presión.
- Os tubos conformaranse mediante colada de fundición dúctil (grafito esferoidal) por centrifugación en molde metálico.
- Conterán a cantidade suficiente de grafito en estado esferoidal para que se cumpran as características mecánicas seguintes:
 - . Resistencia mínima á tracción, corenta e dous (42) Kg/mm². . Alongamento mínimo á rotura, dez por cento (10%) en tubos da gamma DN 60-600 mm.. Dureza Brinell máxima, douscentos trinta (230).. A lonxitude dos tubos será de 6 m.
- Tódolos tubos someteranse en fábrica a unha proba hidráulica que irá en función da constante de fabricación "K" e segundo marcan as expresións que figuran na normativa ISO 2531.
- Interiormente revestiranse cunha capa de morteiro de cemento de forno alto, mediante centrifugación a grande velocidade. Cumprindo coas especificacións recomendadas pola normativa ISO 4179, sobre o revestimento interno con morteiro de cemento centrifugado para canalizacións a presión de tubos de fundición dúctil.
- Exteriormente recubriranse con verniz exento de fenois, polo procedemento Smit ou análogo.
- Nas zonas de cota inferior á da P.V.E. os tubos terán un revestimento exterior de resina de poliuretano de 700 micras de grosor mínimo, aplicado en fábrica.
- Os tubos poderán ser cortados, taladrados ou mecanizados sen que por iso se altere ningunha das propiedades anteriores prescritas.

As unións entre tubos realizaranse mediante xunta automática flexible; que constará dun anel de goma labiado cun talón de suxeición para que a presión favoreza a compresión de dita goma contra a superficie metálica e que se aloxará no oco que ó efecto terá o enchufe do tubo.

Esta xunta permitirá desviacións angulares, os valores oscilarán en función do diámetro nominal entre 5° e 1° 30'.

Pezas accesorias

Tódalas pezas accesorias especiais (tes, cóbados, empalmes, manguitos, bridas cegas, etc.) serán, ó igual que os tubos, de fundición dúctil (grafito esferoidal).

Tódalas pezas accesorias estarán conformadas mediante a colada en molde de area, e en xeral deberán cumprilas especificacións que para tal efecto concreta a normativa ISO 2531 para unións e pezas accesorias de ferro fundido dúctil en canalizacións a presión.

As pezas accesorias de fundición dúctil, usualmente irán equipadas de xunta flexible, onde a estanquidade se obterá pola comprensión, mediante unha contrabrida suxeita por bulóns que se afianzan no exterior do enchufe, dunha arandela elástica aloxada no interior do mesmo. Tanto a contrabrida coma os bulóns, serán así mesmo de fundición dúctil.

Gomas para xuntas

En xeral axustaranse ó especificado na normativa ISO 4633, que se refire ás xuntas estancas de caucho e complementos de xuntas de canalizacións de abastecemento e saneamento.

Os materiais non deben conter substancias que teñan un efecto nocivo sobre o fluído transportado ou sobre a durabilidade da vida da xunta, do tubo e do accesorio.

As xuntas de estanquidade de caucho para unións en canalizacións deben ser homoxéneas e non deben presentar porosidades ou irregularidades que puideran afecta-la súa función.

Os aneis e arandelas de goma que se destinen a canalizacións de auga fría terán como temperatura máxima para réxime continuo 60° C.

Tódolos ensaios destes materiais acolleranse ó especificado nas distintas normativas ISO ó respecto.

2.28 VÁLVULAS DE COMPORTA

Características xerais que reunirán as válvulas de comporta:

Materiais

- O corpo, a tapa así como as outras partes accesorias da envoltura, estarán realizados en fundición de grafito esferoidal FGE 42-12 ou FGE 50-7 segundo Norma Nacional UNE 36. 118-73.
- O obturador ou comporta será de fundición de grafito esferoidal ou dúctil e estará recuberto enteiramente de elastomero sintético. As características e métodos de ensaio das mesturas deste elastomero, estarán conformes coa Norma Nacional UNE 53571.
- O eixe de manobra será de aceiro inoxidable, forxado en frío, segundo as Normas Nacionais UNE 36016, 37101 e 37102. O fileteado do eixe e a súa rosca de manobra estará conforme coa Norma Internacional ISO 2901.
- Rosca de manobra: aliaxe de cobre.
- Estanquidade ó paso do eixe de manobra: 2 xuntas tóricas en nitrilo.

Revestimentos

Tódalas válvulas irán provistas dunha protección reforzada contra os riscos eventuais de corrosión, para o cal tódalas pezas de fundición irán revestidas por empolvado epoxi, procedemento electrostático, despois do //granallado// (tratamento de superficie equivalente ó grao SA 2,5 definido pola norma sueca SIS 055900. 1967).

Garantírase que os revestimentos epoxi e elastomero da comporta non teñan efecto sobre as calidades alimenticias dos produtos transportados.

Dimensións

As distancias entre bridas e dimensións das válvulas de comporta, serán conformes coa Norma Internacional ISO 5752.

Presións

As presións máximas de servicio hidráulico serán de 16 bars.

As presións de proba en fábrica serán:

- Resistencia mecánica: 25 bars.
- Estanquidade: 18 bars.

Pares de manobra e resistencia

As válvulas de comporta "EURO-20" soportarán sobre o seu eixe, os pares de resistencia esixidos polas Normas Internacionais ISO 7259 e Francesa NF E 29-324, así como non sobrepassa-los valores máximos dos pares de manobra que nela se relacionan.

DN

Par de manobra máximo (N.m)

Par de resistencia mínimo (N.m)

50 60 180

65 75 225

80 75 225

100 100 300

125 125 375

150 150 375

150 150 450

200 200 600

250 250 750

300 300 900

Estanquidade

A estanquidade nas válvulas de comporta regularase polas Normas Internacionais ISO 7259 e Francesa NF E 29-324, que noutros apartados define:

- Posibilidade de substitución do dispositivo de estanquidade do eixe de manobra, estando a rede e a válvula baixo presión.
- unha estanquidade permanente por comprensión do elastomero.
- Un guiado, independente das zonas de estanquidade.
- Unha manobra sen frotamento e sen efecto de cizallamento do elastómero.
- Un paso rectilíneo do fluído.
- Unha substitución eventual da comporta sen retira-lo corpo da válvula.
- Unha unión sen tornillería de fixación, entre tapa e corpo, con estanquidade corpo-tapa, por efecto autoclave.
- Unha estanquidade, en ausencia de presión, por un conxunto abrazadeira e rosca.

2.29 MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

Normas

Tódolos materiais que se empreguen na instalacións eléctrica, tanto de A.T. coma de B.T. deberán cumpri-las prescricións técnicas que dictan as Normas Internacionais C.B.I., os regulamentos para instalacións eléctricas actualmente en vigor, así como as normas técnico-prácticas da Compañía Subministradora de Enerxía.

Condutores de baixa tensión

Os condutores dos cables serán de cobre recocido normalmente con formación de fio único ata seis milímetros cadrados. A cuberta sería de policloruro de vinilo tratada convenientemente de forma que se asegure mellor resistencia ó frío, á laceración, á abrasión respecto ó policloruro de vinilo normal (PVC). A acción sucesiva do sol e da humidade non deben provoca-la máis mínima alteración da cuberta. O recheo que serve para dar ó cable aplicado por extrusión sobre as almas do cableado deber ser de

material adecuado de maneira que poidan ser facilmente separados para a confección de empalmes e terminais. Os cables denominados de "instalación", normalmente aloxados en tubos protectores serán de cobre con illamento de PVC. A tensión de servizo será de 750 voltios e a tensión de ensaio de 2000 voltios. A sección mínima que se utilizará nos cables destinados tanto a circuitos de alumado coma de forza será de 1,5 mm². Os ensaios de tensión e da resistencia de illamento efectuaranse coa tensión de proba de 2.000 voltios e de igual forma que nos cables anteriores.

2.30 TUBOS DE PVC PARA CANALIZACIÓNS ELÉCTRICAS

O material empregado na súa fabricación será PVC duro, exento de plastificante e cargas. Serán circulares de 0,65 m de diámetro mínimo. A resistencia ó aplastamento non será inferior a 850 Kg/ml segundo a Norma A.S.T.M. D 24 12-68. A resistencia ó choque segundo DIN 1187 será de 1 Kg, caendo libremente desde 2 m de altura de 0° C.

A colocación dos tubos corrugados realizarase de acordo coas normas indicadas polo fabricante. En calquera caso someterase á aprobación do Director Técnico o tipo de tubo corrugado a utilizar e as súas características.

2.31 POSTA A TERRA

Serán de aceiro cobrizado electroliticamente, de 2 de lonxitude e 14 mm de diámetro. A liña de enlace coa terra efectuarase con cable de cobre limpo de 35 mm.

2.32 CENTRO DE MANDO

Os elementos mando e control, (conductores, célula, reloxo e automáticos de protección), irán aloxados no interior dun armario de poliéster prensado con fibra de vidro, de estanquidade IP-55. A utilización deste tipo de elementos de amoblamento estará debidamente autorizada polos Servizos Técnicos Municipais.

2.33 CABLES

Serán de cobre, tipo 0,6/1 Kv, illamento RV, das seccións que se indican no presuposto asociado ás cables de enerxía, instalarase un cable de protección da mesma sección que a fase, os conductores irán tendidos en canalización subterránea.

2.34 CABLES AÉREOS DE BAIXA TENSIÓN

Serán de tipo RZ (illamento de polietileno reticulado), fabricados en Haz trenzado. Os conductores serán de aluminio para as fases e de Almelec para o neutro.

2.35 CABLE SUBTERRÁNEO DE BAIXA TENSIÓN

Serán do tipo RV (illamento de polietileno reticulado e cuberta de PVC), 0,6/1 Kv de tensión de servizo. Os conductores serán de aluminio.

2.36 EMPALMES

Serán de tipo mixto para cable existente, illamento de papel, impregnado en aceite con cable de illamento seco, do tipo vertido de resina en frío.

2.37 PUNTOS DE LUZ

Serán dos tipos indicados na documentación gráfica.

2.38 MATERIAIS PARA REDE TELEFÓNICA

De contemplarse por necesidades de entorno, toda a rede telefónica usará materiais homologados pola Compañía Telefónica S.A. e executarase seguindo as súas normas de enlace e distribución. Os cables tenderanse en tubos protectores de PVC ríxido, curvable en quente.

2.40 OBRAS DE XARDINERÍA

a) Orde do Traballo

Para a boa realización das plantacións, executaranse os traballos polo seguinte orde:

- 1.- Trazado e replanteo das zonas a plantar.
- 2.- Preparación e aportación das terras nas zonas que sexa necesario.
- 3.- Nivelación, limpeza xeral das zonas de xardinería e incorporación dos fertilizantes necesarios.
- 4.- Cava, roturado e refino das terras onde se teña que sementa-lo céspede.
- 5.- Sementeira das zonas de céspede.

b) Plantacións

A plantación será realizada por persoal especializado e de acordo coa mellor técnica de xardinería, situando nos lugares previstos no Proxecto.

c) Época de realiza-las obras

As datas límites para sementeiras serán fixadas discrecionalmente polo Director Técnico.

Sen a autorización do Directo, non poderá procede-lo Contratista a realizar operación algunha. Cando o Contratista procedera así, poderá o Director Técnico ordena-lo arranque ou destrución do executado, sen que proceda abono algún, nin pola execución nin polo arranque ou destrución.

De acordo co establecido nas disposicións vixentes, serán de conta do Contratista, os gastos que orixinen a comprobación do replanteo das obras.

d) Limpeza das obras

Será de obrigación do Contratista, limpa-la obra e os seus arredores de materiais sobrantes e impurezas, aténdose a tódalas condicións e ordes do Director Técnico, facer desaparece-las instalacións provisionais, así como adoptar tódalas medidas e executar tódolos traballos necesarios para que a obra ofrezca bo aspecto a xuízo do Director Técnico.

e) Preparación do terreo

As superficies destinadas a zonas verdes, serán despedregadas e cavadas. Abonaranse e cubriranse cunha capa de mantillo e logo da sementeira.

2.41 CONSERVACIÓN DA XARDINERÍA

O contratista estará obrigado a conservar pola súa conta tódolos elementos de xardinería, ata a data de recepción provisional, a partir desa data, recoméndase que dita conservación se faga por parte do Concello.

2.42 MARCAS VIAIS

Será de aplicación o sinalado no artigo 700 do PG-3 modificado pola Orde do 28 de decembro de 1999, tendo en conta o seguinte:

- O tipo de material a empregar será termoplástico a base de resinas de hidrocarburos, aplicado en quente por extrusión, plástico de aplicación en frío ou marcas viais prefabricadas que cumpran o especificado no art. 700 do PG-3.

- O carácter autorefectante da marca vial conseguirase mediante a incorporación de microesferas de vidro a calquera dos materiais anteriormente indicados.

2.43 MOBILIARIO URBANO

Banco de madeira

Axustaranse as especificacións dos planos e das medicións.

Fonte de fundición

Fonte de fundición en ferro pintado e tornillería en aceiro inoxidable, composta por boquilla de aceiro inoxidable AISI 316L, manguito flexible, grifo anivandálico, chave de paso e regulador de presión, en color negro forxa, modelo Fonfoosa de DAE ou similar.

Reutilización de papeleiras existentes.

2.44 OUTROS MATERIAIS

Os demais materiais que sen especificarse no presente Prego deban ser empregados en obra, serán de primeira calidade e non poderán ser utilizados sen antes terse recoñecido pola Dirección Facultativa, que poderá rechazarlos se non reunisen ó seu xuízo as condicións esixidas para conseguir debidamente o obxecto que motivara o seu emprego.

2.45 RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

A recepción dos materiais non exclúe a responsabilidade do Contratista para a calidade dos mesmos.

CAPÍTULO 3.- CONDICIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS

3.1. REPLANTEO

Antes do comezo das obras e dentro do prazo sinalado no Contrato, a Dirección Facultativa procederá, en presenza do Contratista, a efectua-la comprobación do Replanteo.

A continuación levantarase ACTA firmada polos representantes de ámbalas dúas partes.

Desde ese momento o Contratista será o único responsable do replanteo das obras, e os planos e/ou datos servirán de base para as medicións de obra.

O Contratista construírá pola súa conta marcos, bases de replanteo e referencias en lugares e número adecuados, a xuízo da Dirección Facultativa, para a perfecta comprobación da marcha, calidade e exactitude do replanteo e dimensionado da obra e as súas partes. Así mesmo está obrigado á súa conservación e a manter expeditas as visuais desde ditos puntos.

O Contratista será responsable da conservación dos puntos, sinais e marcos.

Se no transcurso das obras son destruídos algúns, deberá colocar outros baixo a súa responsabilidade e ó seu cargo.

O Director Técnico sistematizará normas para a comprobación de replanteos parciais e poderá supedita-lo progreso dos traballos ós resultados destas comprobacións, o cal en ningún caso, eliminará a total responsabilidade do contratista en canto a cumprimento de prazos parciais e, por suposto, do prazo final.

Os gastos e custos ocasionados por tódalas operacións de comprobación do replanteo xeral e os das operacións de replanteo e levantamento mencionados nestes apartados serán de conta do Contratista, así como os gastos e custos derivados da comprobación destes replanteos.

O Contratista subministrará, instalará e manterá en perfecto estado tódalas sinais, balizas e outras marcas necesarias para delimita-la zona de traballo a satisfacción do Director Técnico, tanto durante o día coma durante a noite, de forma tal que non exista a máis mínima posibilidade de accidentes, sendo en todo caso o Contratista o único responsable se estes se produxesen.

Serán de conta e risco do Contratista, o subministro, instalación, mantemento e conservación de tódalas balizas, sinais, luces, elementos e instalacións necesarias para dar cumprimento ó indicado nos parágrafos anteriores.

3.2 EXECUCIÓN DAS OBRAS

Condicións xerais

Tódalas obras executaranse sempre aténdose ás regras da boa construción, con suxeición ás normas do presente Prego e ós planos deste Proxecto, así como a lexislación complementaria citada no artigo correspondente e toda outra que lle sexa de aplicación.

Para a resolución daqueles casos non comprendidos nas prescricións citadas no parágrafo anterior, estarase ó que a costume sancionara como regra de boa construción.

Equipos e maquinaria

O Contratista quedará obrigado a situar na obra os equipos e maquinaria que se comprometeu a aportar na licitación, e que o Director Técnico considere necesarios para o desenvolvemento da mesma.

O Director Técnico deberá aproba-los equipos de maquinaria e instalacións que deban utilizarse para as obras.

A maquinaria e demais elementos de traballo deberán estar en perfectas condicións de funcionamento e quedar adscritos á obra durante o curso de execución das unidades en que deban utilizarse. Non poderán retirarse sen o consentimento do Director Técnico. Se, unha vez autorizada a súa retirada, e efectuada esta, se tivese necesidade de dito equipo ou maquinaria, o Contratista deberá reintegrala á

obra ó seu cargo e sen que o tempo necesario para o seu traslado e posta en uso sexa computable ós efectos de cumprimento de prazos, que non experimentarán variación por este motivo.

3.3 OBRAS MAL EXECUTADAS

Será obriga do Contratista demoler e volver a executar ó seu cargo as obras que non cumpran as prescricións do presente Prego nin as instrucións do Director Técnico.

3.4 OBRAS NON DETALLADAS

Executaranse sempre aténdose ás regras da boa construción e con materiais de primeira calidade, seguindo as ordes da Dirección Facultativa.

3.5 LIMPEZA DA OBRA

É obriga do Contratista manter limpa a obra, así como os arredores, atendendo cantas indicacións e ordes se lle dean pola Dirección Facultativa en canto a escombros e materiais sobrantes. Así mesmo fará desaparecer tódalas instalacións provisionais. Adoptará as medidas convenientes para que a obra presente bo aspecto en calquera momento.

Así mesmo manterá nas debidas condicións de limpeza e seguridade, os camiños de acceso á obra e en especial aqueles comúns con outros servicios ou de uso público. Sendo da súa conta e risco as avarías ou danos que se produzan por un uso abusivo ou indebido dos mesmos.

O Contratista coidará baixo a súa responsabilidade de que a obra estea sempre en boas condicións de limpeza.

3.6 EVITACIÓN DE CONTAMINACIÓNS

O Contratista adoptará as medidas necesarias para evita-la contaminación de calquera tipo por causa das obras, así como as de combustible, aceite, ligantes ou calquera outro material que poida ser prexudicial, incluso contaminacións de tipo biolóxico, sendo responsable dos danos que poida causar a terceiros producidos durante a execución das obras.

3.7 LUGAR DE PROVISIÓNS

O lugar de provisións onde deberán depositarse os materiais referidos nas distintas unidades de obra será fixado dentro da Zona de Obras e comunicado polo Director Técnico ó Contratista.

Quedarán terminantemente prohibido, salvo autorización escrita do Director Técnico, efectuar provisións de materiais, calquera que sexa a súa natureza, sobre a plataforma da obra. Considerarase especialmente prohibido obstruí-los desaugues e dificulta-lo tráfico.

Os materiais almacenaranse en forma tal que asegure a preservación da súa calidade para a súa utilización na obra; requisito que deberá ser comprobado no momento de dita utilización.

As superficies empregadas en zonas de provisións deberán acondicionarse unha vez terminada a utilización dos materiais acumulados nelas, de forma que poidan recupera-lo seu aspecto orixinal.

Tódolos gastos requiridos para efectua-las provisións e as operacións mencionadas neste artigo, serán por conta do Contratista.

3.8 FACILIDADES Á INSPECCIÓN

O Contratista proporcionará cantas facilidades sexan necesarias para proceder ós replanteos, recoñecementos e probas dos materiais e a súa preparación. Permitirá o acceso en caso de inspección

a tódalas partes da obra, incluso ás fábricas e talleres onde se realicen traballos de calquera tipo relacionados coa obra.

Ademais o Contratista poñerá a disposición da Dirección Facultativa todo o necesario para un correcto control, medición e valoracións das obras.

3.9 CONSTRUCCIÓN AUXILIARES

Queda obrigado o Contratista a construír pola súa conta, desmontar e retirar á terminación da obra, tódalas edificacións auxiliares para oficinas, almacéns, alpendres, etc. Todas estas edificacións estarán supeditadas en canto a localización e dimensións á aprobación da Dirección Facultativa.

3.10 INSTALACIÓN PROVISIONAIS

O Contratista deberá consultar coa Dirección Facultativa os sistemas de toma de auga e enerxía necesarios para a obra. Así mesmo construír e conservará en lugar debidamente apartado as instalacións sanitarias para o persoal da obra.

3.11 RETIRADA DOS MEDIOS AUXILIARES

Ó final da Obra o Contratista deberá retirar cantas instalacións, ferramentas, máquinas, materiais, se encontren na zona. Se non procedese desta maneira, previo aviso e nun prazo de 30 días, procederase a retiralos por conta do Contratista.

3.12 EXECUCIÓN XERAL DAS OBRAS

As obras comenarán coa execución e preparación da zona de acceso e desviación das conducións afectadas como

enerxía eléctrica, auga, combustibles, arboredos, etc. Procederase ó levantamento de firmes e pavimentos, con aproveitamento e provisión do material obtido, posterior desmonte, construción de muros, recheo e compactación da explanada xeral.

Unha vez realizado o anterior procederase á construción de conducións de saneamento, eléctricas, etc. Posteriormente aplicarase as capas de bases e por último o pavimento e beirarrúas. Antes da colocación do pavimento procederase ás probas dos tubos de auga, etc., para comprobar se son aptas ou non.

3.13 ENSAIOS

Conforme ás instrucións vixentes en cada materia, poderanse realizar probas e ensaios na mesma obra. Para a súa comprobación e no caso de carencia de medios adecuados para a realización dos mesmos, a Dirección Facultativa poderá ordenar que se realicen nos laboratorios oficiais que determine ou naqueles que sen selo, estean homologados.

Os gastos e custos de toma de mostras, envíos, realización dos ensaios e probas serán de conta do Contratista, xa que se consideran incluídos nos prezos unitarios.

Os ensaios non teñen outra significación ou carácter que o de simple antecedente para a recepción. A admisión de materiais ou unidades de obra, non atenúa o deber de reparar e repoñer que contrae o Contratista se as instalacións resultasen inaceptables, parcial ou totalmente, no acto de recoñecemento final e probas para a recepción provisional e/ou definitiva.

3.14 SINALIZACIÓN E PRECAUCIÓN

O Contratista está obrigado a coloca-las sinais de precaución ó tránsito e de protección de accidentes que dispoñan as normas en vigor e o Director Técnico. Sendo, en todo caso, responsable de todo accidente que puidese ocorrer.

Se por calquera motivo, persoas ou vehículos causasen danos na obra por unha mala sinalización, estará obrigado a refacela de novo sen dereito a indemnización algunha.

3.15 PRECAUCIÓN DURANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS CHUVIAS

Durante as diversas etapas da construción, as obras manteranse en todo momento en perfectas condicións de drenaxe. As gabias e demais desaugues conservaranse e manteranse de modo que non se produzan danos.

Xeadas

Se existe temor de que se produzan xeadas, o Contratista das obras protexerá tódalas zonas que puideran quedar prexudicadas polos efectos conseguintes. As partes da obra danadas levantarán e construírán ó seu cargo, de acordo co que se sinala nestas prescricións.

Incendios

O Contratista deberá aterse ás disposicións vixentes para a prevención e control de incendios, e ás instrucións complementarias que figuren no Prego de Prescricións Técnicas ou que se dicten polo Director Técnico.

En todo caso, adoptará as medidas necesarias para evitar que se acendan lumes innecesarios; e será responsable de evita-la propagación dos que se requiran para a execución das obras, así como dos danos e prexuízos que se poidan producir.

3.16 SUB-CONTRATISTA

O adxudicatario ou contratista principal, poderá dar a traballo feito ou sub-contrato, calquera parte da obra, sempre que conte coa autorización da Dirección Facultativa.

O Contratista principal e Adxudicatario, será sempre o responsable diante da Dirección Facultativa, dos traballos efectuados por sub-contrato ou obra feita.

O Director Técnico poderá decidi-la exclusión dos sub-contratistas que non reúnan as condicións necesarias para a boa marcha e execución das obras.

3.17 UNIDADES NON INCLUÍDAS

Ademais das obras mencionadas, o Contratista estará obrigado a executar tódalas obras necesarias ou de detalle que se deduzan dos Planos, Medicións, Presuposto, o presente Prego ou que lle ordene o Director Técnico ó consideralas fundamentais para que resulten cumpridos os fins ós que se destina a obra.

3.18 OUTROS TRABALLOS

Todos aqueles traballos que pola súa minuciosidade poidan terse omitido neste prego, e resulten necesarios para a completa e perfecta terminación das obras, executaranse de acordo co sancionado polo costume como normas de boa práctica, e quedan á determinación exclusiva da Dirección Facultativa en tempo oportuno, e a contrata atópase obrigada á súa execución e cumprimento, sen dereito a reclamación algunha.

Aínda despois da recepción provisional, a Contrata vén obrigada a rectificar toda deficiencia que sexa advertida pola Dirección Facultativa. A demolición ou reparación precisa será de exclusivo cargo da contrata.

3.19 ROZADO OU LIMPEZA DO TERREO

Este traballo consiste en retirar, das zonas previstas para a localización da obra, as plantas, cepos, maleza, escombros, lixo ou calquera outro material existente que estorbe ou que non sexa compatible co proxecto. As operacións levaranse a cabo coas oportunas medidas de seguridade en obxectos e persoas.

3.20 ESCAVACIÓN EN DESMONTE

A escavación en desmonte considerárase como non clasificada. A súa execución cumprirá o sinalado no artigo 320 do PG-3.

3.21 TERRAPLÉNS

Serán de aplicación os artigos 330.5 e 330.6 do PG-3 e ademais:

O terraplén mínimo sobre solo inadecuado será dun (1) metro e sobre solo tolerable de cincuenta (50) centímetros. A s rasante e taludes serán os sinalados en planos. O Contratista farase responsable da conservación de terrapléns e taludes, ata a Recepción Definitiva das Obras.

3.22 OBRAS DE REFINO, PERFILADO E MODELADO DO TERREO

Cumprirase o especificado no art. 341 do PG-3.

Consiste na execución dos traballos necesarios para conseguilo acabado xeométrico de toda explanación, desmonte baleirado, terraplén ou recheo.

Unha vez acabados os desmontes ou terraplenados, comprobarase e rectificaranse as aliñacións e rasantes, así como o ancho das explanacións, executándose o refino dos taludes nos desmontes e terrapléns, a limpeza e refino das explanacións, nas coroacións de desmontes e base dos taludes.

3.23 ESCAVACIÓN EN GABIA PARA CONDUCCIÓN

As gabias para emprazamentos de colectores terán un ancho da base, profundidade e taludes que figuran no proxecto e indique a Dirección Facultativa. O seu fondo nivelarase para que a obra apoie en toda a súa lonxitude debéndose perfilalo seu rasanteo con capa de area. Os desprendementos que se produzan non serán de abono.

A execución de gabias para emprazamento da rede axustarase ás seguintes normas:

- Marcarase sobre o terreo a súa situación e límites que non deberán exceder dos establecidos no Proxecto e que serán os que servirán de base ó abono do arranque e reposición do pavimento. Os produtos aproveitables e este aprovisionaranse nas proximidades das gabias.
- As terras procedentes das escavacións depositaranse a unha distancia mínima dun metro do bordo das gabias e a un só lado destas e sen formar cordón continuo deixando os pasos necesarios para o tránsito xeral e para entrada ás edificacións contiguas todo o cal farase utilizando pasadoiros rixidos sobre as gabias.
- Tomaranse precaucións precisas para evitar que as augas inunden as gabias abertas.
- As escavacións estearanse cando a Dirección Facultativa o estime necesario así como tamén os edificios situados nas inmediacións en condicións tales que fagan temer algunha avaría, todo iso a xuízo da expresada Dirección Facultativa.
- Os esgotamentos que sexan necesarios faranse reunindo as augas en cuncas construídas fóra da liña de sumidoiro e aínda que estes sexan de tal importancia que requiran o emprego de maquinaria os gastos que se orixinen serán por conta da contrata.

Acadada a profundidade prevista e regularizado ata obte-la rasante efectuarase recoñecemento pola Dirección Facultativa. Se esta estima necesario aumenta-la cota de escavación para establecer

cimentos suplementarios non previstos, o Constructor non terá dereito a novo prezo para tal escavación, a cal executará ó mesmo prezo que a anterior.

A preparación do fondo das gabias requirirá as operacións seguintes: rectificación do perfil lonxitudinal, recorte das partes saíntes que se acusen tanto na planta coma en alzado, recheo de area das depresión e apisoado xeral para repara-lo asento da obra posterior.

3.24 RECHEO DE GABIAS DE CONDUCCIÓN

Unha vez colocados os tubos o recheo das gabias compactarase por tongadas. As primeiras ata uns trinta (30) centímetros por riba da xeratriz superior do tubo faranse evitando colocar pedras ou gravas con diámetros superiores a dous (2) centímetros e cun grao de compactación non menor do 95% do Proctor Normal. As restantes poderán conter material máis groso, recomendándose sen embargo non empregar elementos de dimensións superiores ós vinte (20) centímetros no primeiro metro e cun grao de compactación do 100% do Proctor Normal. Cando os asentos previsibles das terras de recheo non teñan consecuencias de consideración poderase admiti-lo recheo total cunha compactación ó 95 do Proctor Normal. Terase especial coidado no procedemento empregado para terraplenar gabias e consolidar recheos, de forma que non produzan movementos nos tubos. Non se rechearán as gabias, normalmente, en tempo de grandes xeadas ou con material xelado.

3.25 BASES DE ZAHORRA ARTIFICIAL

Deberá cumprirse o sinalado no artigo 510 do PG-3 introducido pola Orde Circular 10/2002 (BOE de 5 de setembro). Os materiais cumprirán o especificado no artigo correspondente deste prego.

3.26 SUB-BASE GRANULAR

Para a execución das obras deberá cumprirse o sinalado nos artigos 510 do PG-3. O material a utilizar será o definido no título correspondente deste prego.

3.27 COLOCACIÓN DE XEOTÉXTILES

A superficie sobre a que se estende o xeotéxtil debe estar perfectamente compactada e nivelada, antes de estender o xeotéxtil.

Non se permitirá a presenza de pedras soltas sobre a superficie, que poidan facer un efecto punzonamento sobre o xeotéxtil.

O estendido do xeotéxtil realizarase con coidado de forma que non se produzan rachados na tea e que a mesma quede perfectamente alisada sen deixar enrugos nin dobreces.

Procurarase elixir rolos de suficiente anchura para cubrir toda a superficie sen xuntas. De necesitar facer xuntas, estas realizaranse montando lixeiramente as dúas teas. Non se admitirá a utilización de anacos.

Debe evitarse o paso de vehículos e maquinaria pesada, directamente sobre o xeotéxtil, así como telo exposto durante longo tempo ós raios solares.

3.28 FORMIGÓN

O equipo necesario para a execución das obras deberá ser aprobado polo Director Técnico das mesmas e deberá manterse en todo momento, en condicións de traballo satisfactorias.

Fabricación do formigón

O formigón fabricarase en formigoneiras e cumpriranse as prescricións da instrución vixente no momento da redacción do proxecto, sendo preceptivo que as formigoneiras utilizadas dispoñan dun dispositivo automático para a dosificación da auga.

A descarga do formigón farase dispoñendo os elementos necesarios para evita-la segregación das súas compoñentes.

O período de batido, á velocidade de réxime, non será inferior a un (1) minuto, máis tantas veces quince (15) segundos como fraccións de catrocentos (400) litros teña a capacidade da formigoneira. A consistencia do formigón producido no tempo de batido deberá ser uniforme en toda a masa. Salvo autorización en contra do Director Técnico os formigóns terán consistencia plástica.

Posta en obra do formigón

Ademais das prescricións da instrución vixente no momento da redacción do proxecto 8, teranse en conta as seguintes:

A instalación de transporte e posta en obra do formigón será tal que o transporte e posta en obra do formigón sexa o máis reducido posible e realizaranse de modo que o formigonado non perda capacidade nin homoxeneidade.

Non se admitirá o vertido libre do formigón desde altura superior a un (1) metro con cincuenta (50) centímetros, quedando prohibido arrebolarse con pa a grande distancia, distribuílo con anciño ou facelo avanzar máis percorrido dun (1) metro ó longo dos encofrados.

Queda prohibido o emprego de quenllas e trompas para o vertido do formigón, salvo que o Director Técnico o autorice poremcrito en casos especiais.

O contratista deberá someter á aprobación do Director Técnico o sistema de transporte e posta en obra que pretenda utilizar.

Non poderá formigonarse sen a presenza dun representante do Director Técnico, debidamente autorizado. O formigón en masa estenderase por capas de grosor máximo de vintecinco (25) centímetros. Cando se trate de pezas armadas, removerase enerxicamente o formigón para que as armaduras queden perfectamente envolvidas, coidando especialmente os sitios en que se reúna grande cantidade de aceiro, e procurando que semanteñan os recubrimentos e posición das armaduras. Nas vigas, o formigonado farase avanzando desde un dos seus extremos, levándoo en toda a súa altura, procurando quea fronte vaia bastante recollido, para que non se produza disgregación e a calea non esorra ó longo do encofrado.

Limitacións da execución

Como norma xeral, suspenderase o formigonado sempre que se prevea que, dentro das corenta e oito (48) horas seguintes, poida descende-la temperatura mínima do ambiente por debaixo dos cero (0) graos centígrados. A estes efectos o feito de que a temperatura rexistrada ás nove horas da mañá (hora solar) sexa inferior a catro (4) graos centígrados pode interpretarse como motivo suficiente para prever que o límite anteriormente prescrito será alcanzado no citado prazo.

As temperaturas límites sinaladas poderán rebaixarse en tres (3) graos centígrados cando se adicione ó formigón cloruro cálcico en proporcións comprendidas entre o un e medio (1,5) por cento (100) e o dous (2) por cento (100) do peso conglomerante.

Adoptaranse as precaucións necesarias para que, durante o proceso de fraguado e endurecemento, a temperatura das superficies do formigón non baixe nun (1) grao centígrado baixo cero (0). De non poderse garantir que dita temperatura mantívose por riba do mínimo fixado realizaranse os ensaios que estime pertinente o Director Técnico para comproba-la resistencia alcanzada, adoptándose, de se-lo caso, as medidas oportunas.

Paramentos de formigón

Os paramentos deben quedar lisos con formas perfectas e bo aspecto, sen defectos ou rugosidades e sen necesidade de enlucidos que en ningún caso poderán ser aplicados sen autorización do Director Técnico, por escrito.

As operacións ordenadas polo Director Técnico que sexa necesario efectuar para limpar ou enlucir as superficies por acusarse nelas irregularidades dos encofrados ou presentar aspecto defectuoso, o serán por conta do Contratista.

A máxima frecha ou irregularidade admisible nos paramentos medida sobre unha regra de dous (2) metros de lonxitude, aplicada en calquera dirección será de seis (6) milímetros.

Nos paramentos con acabado do formigón “cara vista” o encofrado será de madeira entallada.

Ensaio

As características dos materiais empregados, así como a bondade da obra realizada, comprobaranse durante a súa execución, efectuando ensaios a súa frecuencia e tipo son os que se sinalan a continuación, entendéndose que as cifras que se dan son mínimas e refírense a cada unha das procedencias elixidas.

Por cada día de traballo ou fracción:

Catro (4) Ensaio de Asento no Cono de Abrahams. Molde de oito (8) probetas tipo que, despois de conservadas nun ambiente normal, romperanse por comprensión, catro (4) a sete (7) días e catro (4) a vinteoito (28) días.

Control da resistencia do formigón

Se a resistencia característica das probetas ensaiadas fóra inferior á esixida en máis de vinte (20) por cento (100), extraeranse probetas da mesma obra nos puntos que sinala o Director Técnico, e se a resistencia desta é inferior á das de ensaio, demolerase a obra. Se a resistencia das probetas extraídas da obra é superior ás das probetas de ensaios, poderá aceptarse a obra se é factible sen perigo a proba da mesma cunha sobrecarga superior á de cálculo nun cincuenta (50) por cento (100), comprobando que resiste en boas condicións e previa medición e cotexo da frecha producida de se-lo caso.

No caso de que a resistencia das probetas de ensaio fose inferior en máis dun vinte (20) por cento (100) á esixida, e non fose posible, por calquera causa, extraer probetas da obra, realizarase a proba prescrita no parágrafo anterior, e se tampouco este fose posible, demolerase a obra.

Se a resistencia das probetas de ensaio é inferior en menos dun vinte (20) por cento (100) á esixida e a das extraídas da obra non sobrepasa tampouco este límite o Director Técnico determinará se é preciso demole-la obra ou pode aceptarse con reserva. Neste caso duplicarase o prazo de garantía, realizaranse durante el probas de carga cada seis (6) meses e ó final do prazo de garantía decidirse, á vista do estado da obra, se pode aceptarse definitivamente ou hai que demolela.

En calquera caso en que se decida a demolición de conforme ó previsto nos parágrafos precedentes, tanto esta coma a nova execución da obra será de conta da contrata, ó igual que as probas de carga.

Formigón en pavimentos

Salvo indicación en contra polo Director Técnico deberá cumprilo sinalado no art. 550 do PG-3, modificado pola Orde Circular 5/2001 de 15 de xuño.

3.29 FORMIGÓN EN OBRAS DE FÁBRICA, ARQUETAS E MACIZOS

É de aplicación o que se especifica no artigo 610 do PG-3 modificado pola Orde FOM/475/2002 e na instrución vixente no momento da redacción do proxecto.

O curado terá un prazo de duración non inferior a sete (7) días.

3.30 ENCOFRADOS

Os encofrados cumprirán o que establece o artigo 680 do PG-3.

Os encofrados serán o suficientemente resistentes, ríxidos e estancos para soporta-las cargas e empuxes do formigón fresco e dar á obra a forma prevista nos planos. Poderán ser de madeira que cumpra as condicións esixidas no apartado correspondente, metálicas ou doutro material que reúna análogas condicións de eficacia.

As tolerancias admitidas na colocación dos encofrados serán como límites máximos os de dous (2) centímetros en apromos e aliñacións, e os do dous (2) por cento (100) en menos e cinco (5) por cento (100) en máis en grosos e escuadrías. En paramentos vistos, a tolerancia máxima admitida será dun (1) centímetro.

Antes de empeza-lo formigonado deberán facerse cantas comprobacións sexan necesarias para comproba-la correcta colocación dos encofrados, e igualmente durante o curso do formigonado para evitar calquera movemento dos mesmos.

As superficies interiores dos encofrados deberán se-lo suficientemente uniformes e lisas para lograr que os paramentos do formigón non presenten bombeos, resaltos ou rebarbas de máis de cinco (5) milímetros.

A unión dos diversos elementos farase de modo que poida realizarse en desencofrados sen golpes. Os elementos de encofrados que deban volver a utilizarse limparanse e rectificarán coidadosamente, a satisfacción do Director Técnico.

Desencofrado

Os encofrados de elementos non sometidos a cargas quitaranse o antes posible, previa consulta ó Director Técnico, para proceder sen atraso ó curado do formigón.

En tempo de frío non se quitarán os encofrados mentres o formigón estea aínda quente, para evita-lo cuarteamento.

3.31 COLOCACIÓN DE TUBOS DE SANEAMENTO

Os tubos serán colocados sobre cama de asento de area, segundo se sinala en planos. Antes da colocación limparase o interior dos tubos, de modo que non quede neles ningún sólido. Os tubos colocaranse sobre o fondo, aliñándoos tanto en planta coma en alzado.

Colocación da tubaría de drenaxe

A colocación da tubaría non deberá iniciarse sen a previa autorización do Director das Obras. Obtida ésta, os tubos tenderanse en sentido ascendente, coas pendentes e aliñacións indicadas polo Director das Obras. Executarase nunha gabiá de 40 x 40, rodeando o tubo có material filtrante e envolto en xeotextil. O tratamento das xuntas e unións da tubaría executarase acorde coas Instruccións do Director das Obras.

Material de drenaxe.

Cumprirase o sinalado nos artigos 290 e 422 do PG-3, modificado pola Orde FOM 1382/2002.

Material de filtro.

Cumprirase o sinalado nos artigos 421 do PG-3, modificado pola Orde FOM 1382/2002. Coidarase especialmente non danar os tubos nin alterar a súa posición.

3.32 COLOCACIÓN DE TUBOS DE ABASTECIMENTO

Os tubos serán colocados sobre cama de asento de area, segundo se sinala en planos. Antes da colocación limparase o interior dos tubos, de modo que non quede neles ningún sólido. Os tubos colocaranse sobre o fondo, aliñándoos tanto en planta como en alzado. Os treitos de tubos probados terán unha lonxitude inferior a 500 metros. As probas executarase conforme ó establecido no Prego Xeral de Condicións Facultativa para Tubos de Abastecemento de Augas do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo.

3.33 REDE DE ILUMINACIÓN CANALIZACIÓN E TENDIDO DE CABLES

As canalizacións de cables realizaranse seguindo o trazado que figura nos planos.

Os cables transportaranse ó lugar de tendido en bobinas de fábrica. O tendido practicarase con sumo coidado, evitándose a formación de torceduras, así como roces que poidan prexudicalo.

A preparación dos extremos do cable para o seu empalme realizarase de acordo coas normas usuais desta técnica, coidándose especialmente de que os cortes ou incisións que se realicen non afecten ás capas interiores. Respectaranse en tódolos casos os radios mínimos de curvatura do fabricante do cable.

Derivacións de conductores

As derivacións realizadas mediante bornas, efectuaranse co maior coidado a fin de que tanto mecánica coma electricamente, responda ás mesmas condicións de seguridade que o resto da liña. Ó preparalos diferentes conductores para a derivación deixarase o illante preciso en cada caso e parte do conductor sen el, eliminando todo material que impida un bo contacto.

O illante do cable non debe quedar nunca exposto ó ambiente interior ou exterior por máis tempo do preciso para realizalo traballo. Os extremos dos cables almacenados deberán encintarse con PVC adhesivo ou outro material adecuado, que impida a entrada de humidade.

No caso de que ó comenza-lo traballo se observara que a extremidade do cable a derivar non está debidamente protexida ou ten trazas de humidade ou deterioros producidos polas ferramentas, deberá eliminarse un fragmento de 10 cm, como mínimo.

Os traballos no exterior deberán realizarse de tal forma que durante a súa execución quede protexido dos axentes atmosféricos que puideran afectar ás condicións esixidas no presente Prego.

A aplicación de cintas de illamento, debe realizarse coa limpeza que requira cada caso.

3.34 CONDUCCIÓN ELÉCTRICAS DE PVC

A colocación dos tubos realizarase de acordo coas normas indicadas polo fabricante.

En calquera caso someterase á aprobación do Director Técnico, o tipo de tubo e as súas características.

3.35 OBRAS DE XARDINERÍA

a) Orde do Traballo

Para a boa realización das plantacións, executaranse os traballos polo seguinte orde:

- 1.- Trazado e replanteo das zonas a plantar.
- 2.- Preparación e aportación das terras nas zonas que sexa necesario.
- 3.- Nivelación, limpeza xeral das zonas de xardinería e incorporación dos fertilizantes necesarios.
- 4.- Cava, roturado e refino das terras onde se teña que sementa-lo céspede.
- 5.- Sementeira das zonas de céspede.

b) Plantacións

A plantación será realizada por persoal especializado e de acordo coa mellor técnica de xardinería, situando nos lugares previstos no Proxecto.

c) Época de realiza-las obras

As datas límites para sementeiras serán fixadas discrecionalmente polo Director Técnico.

Sen a autorización do Directo, non poderá procede-lo Contratista a realizar operación algunha. Cando o Contratista procedera así, poderá o Director Técnico ordena-lo arranque ou destrución do executado, sen que proceda abono algún, nin pola execución nin polo arranque ou destrución.

De acordo co establecido nas disposicións vixentes, serán de conta do Contratista, os gastos que orixinen a comprobación do replanteo das obras.

d) Limpeza das obras

Será de obrigación do Contratista, limpa-la obra e os seus arredores de materiais sobrantes e impurezas, aténdose a tódalas condicións e ordes do Director Técnico, facer desaparece-las instalacións provisionais, así como adoptar tódalas medidas e executar tódolos traballos necesarios para que a obra ofrezca bo aspecto a xuízo do Director Técnico.

e) Preparación do terreo

As superficies destinadas a zonas verdes, serán despedregadas e cavadas. Abonaranse e cubriranse cunha capa de mantillo e logo da sementeira.

3.36 CONSERVACIÓN DA XARDINERÍA

O contratista estará obrigado a conservar pola súa conta tódolos elementos de xardinería, ata a data de recepción provisional, a partir desa data, recoméndase que dita conservación se faga por parte do Concello.

3.37 MARCAS VIAIS

Cumprirase o sinalado no artigo 278 do PG-3.

3.38 OBRAS NON ESPECIFICADAS

Na execución das obras de fábrica e traballos para os cales non existan prescricións consignadas explicitamente no presente Prego, o Contratista aterase ó sinalado nos Planos e Presuposto do Proxecto, así como ás instrucións que reciba do Director Técnico.

CAPÍTULO 4.- MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS

4.1 NORMAS XERAIS

Tódalas unidades de obra mediranse e abonarán por volume, superficie, lonxitude, peso ou unidade, de acordo a como figuran especificadas no Cadro de Prezos Nº 1. Para as unidades novas que poidan xurdir e para aquelas nas que se precise a redacción dun prezo novo, especificarase claramente, ó acordarse este, o modo de abono; noutro caso, establecerase o admitido na práctica ou costume da construción.

Soamente serán abonadas as unidades de obra que executan conforme ás condicións que sinala este Prego, figuran nos documentos do proxecto ou que teñan sido ordenadas polo Director Técnico.

As partes que queden ocultas, como cimentos, elementos de estrutura, canalizacións, etc., reseñaranse por duplicado nun esbozo, firmado polo Director Técnico. Nel figuran cantos datos sirvan de base para a medición, como dimensións, peso armaduras, etc., e todos aqueloutros que se consideren oportunos. En caso de non cumprirse os anteriores requisitos, serán de conta do Contratista os gastos necesarios para descubri-los elementos e comproba-las súas dimensións e boa construción. Nos prezos de cada unidade de obra consideraranse incluídos os traballos, medios auxiliares, enerxía, maquinaria, materiais e man de obra necesarios para deixa-la unidade completamente terminada, tódolos gastos xerais directos e indirectos como transportes, comunicacións, carga e descarga, probas e ensaios, desgaste de materiais auxiliares, custos indirectos, instalacións, impostos, dereitos, etc. O Contratista non terá dereito a indemnización algunha por estes conceptos.

As unidades estarán completamente terminadas, con recibo, accesorios, etc., aínda que algún destes elementos non figure determinado nos cadros de prezos ou estado de medicións.

Consideraranse incluídos nos prezos aqueles traballos preparatorios que sexan necesarios, tales como camiños de acceso, nivelacións, cerramentos, etc., sempre que non estean medidos ou valorados no presuposto.

Serán a conta do Contratista os seguintes gastos e custos que se entenda ten o Contratista incluído nos prezos que oferte:

- . Os gastos de vixilancia a pé de obra.
- . Os gastos ocasionados polos ensaios de materiais, formigóns e control que esixa o Director Técnico.
- . Os gastos e custos de construción, recepción e retirada de toda clase de construcións e instalacións auxiliares, así como os mencionados no resto do articulado que indique que son a cargo do Contratista.
- . Os gastos e custos de aluguer ou adquisición de terreos para depósito de maquinaria e materiais ou para explotación de canteiras, tendo sempre en conta que a canteira ou canteiras que non forman parte da obra.
- . Os gastos e custos de seguros e de protección da obra e das provisións contra todo deterioro, dano, roubo ou incendio, cumprindo os requisitos vixentes para o almacenamento de explosivos e carburantes, así como os de gardería e vixilancia.
- . Os gastos e custos de limpeza e evacuación de desperdicios e lixos, así como os de establecemento de vertedoiros, o seu acondicionamento, conservación, mantemento, vixilancia e terminación final.
- . Os gastos e custos de subministro, colocación, funcionamento e conservación de sinais e luces de tráfico e demais recursos necesarios para proporcionar seguridade dentro das obras.
- . Os gastos e custos de remoción das instalacións, ferramentas, materiais e limpeza das obras á súa terminación.

- . Os gastos e custos de montaxe, conservación e retirada de instalacións para subministro de auga e enerxía eléctrica necesarias para as obras.
- . Os gastos e custos de demolición das instalacións, limpeza e retirada de produtos.
- . Os gastos e custos de terminación e retoques finais da obra.
- . Os gastos e custos de instrumentación, recollida de datos e informes de calquera tipo de probas e ensaios.
- . Os gastos e custos de reposición das estruturas, instalacións, pavimentos, etc. danados ou alterados por necesidades das obras ou as súas instalacións, ou polo uso excesivo daquelas derivadas da obra.
- . Os gastos e custos de reposición das estruturas, instalacións, pavimentos, etc., danados ou alterados por necesidades das obras ou as súas instalacións, ou polo uso excesivo daquelas derivadas da obra.
- . Os gastos e custos correspondentes á inspección e vixilancia das obras por parte da Administración.
- . Os gastos e custos de replanteo e liquidacións da obra.
- . Os gastos e custos do material ou equipo a subministrar á Administración que se expliciten noutros apartados.
- . As taxas que por tódolos conceptos teña establecido a Administración en relación ás obras.
- . Os gastos e custos que se deriven a orixe do contrato, tanto previos como posteriores ó mesmo.
- . Os gastos e custos en que deba de incorrerse para a obtención de licencias e permisos, etc., necesarios para a execución de tódolos traballos.
- . Os gastos, custos e trámites necesarios para efectúa-los enganches e acometidas ás redes de distribución de enerxía eléctrica e distribución de auga.

A valoración das obras non especificadas neste Prego, verificaranse de acordo co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado, Capítulo IV, Sección Primeira, para a súa execución deberase proceder á localización de planos de detalle, que serán aprobados polo Director Técnico.

4.2 MODO DE ABONAR LAS OBRAS CONCLUÍDAS, AS INCOMPLETAS E AS DEFECTUOSAS

- A) As obras concluídas, abonaranse, previas as medicións necesarias ós prezos consignados no cadro de prezos número un.
 - B) Cando a consecuencia de rescisión ou outra causa, fose necesario valorar obras incompletas, aplicaranse os prezos do cadro número dous sen que poida presentarse a valoración de cada unidade de obra noutra forma que a establecida en dito cadro.
 - C) En ningún caso terá dereito o Contratista a reclamación algunha, fundada na insuficiencia dos prezos dos cadros ou en omisión do custo de calquera dos elementos que constitúen os referidos prezos.
 - D) As obras defectuosas poderán ser recibidas, sempre que se lles desconte do prezo establecido o tanto por cento de defecto.
- O Contratista deberá prepara-los materiais que teña aprovisionados para que estean en disposición de ser recibidos no prazo que ó efecto determine a Dirección, séndolle abonado de acordo co expresado no cadro de prezos número dous.

4.3 OBRA EN EXCESO

Cando as obras executadas en exceso por erros do Contratista, ou calquera outro motivo que non dimane ordes expresas do Director Técnico, prexudicase en calquera sentido á solidez ou bo aspecto da construción, o Contratista terá a obriga de demole-la parte da obra así executada e toda a que sexa necesaria para a debida trabazón da que se deba construír de novo, para terminalo conforme ó Proxecto.

4.4 CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE MEDICIÓN DAS OBRAS

Tódolos gastos de medición e comprobación das medicións das obras e da súa calidade durante o prazo de execución e liquidación delas, serán a conta do Contratista.

A Contrata está obrigada a subministrar ó seu cargo os medios e aparatos necesarios que a Dirección Facultativa precise para tales operacións, así como a presencialas, someténdose ós procedementos que se lle fixe para realizalas e a subscribi-los documento cos datos obtidos, consignando neles, de modo claro e conciso, as observación e reparos, a reserva de presentar outros datos no prazo de tres días expresando a súa relación cos documentos citados. Se se negase a algunha destas formalidades, entenderase que o Contratista renunciará ós seus dereitos respecto a estes extremos e conformarase cos datos da Administración.

Tomaranse cantos datos estime oportunos a Administración despois da execución das obras e en ocasión da liquidación final.

O Contratista terá dereito a que se lle entregue duplicado de cantos documentos teñan relación coa medición e abono das obras, debendo estar suscrito pola Administración e a Contrata e sendo pola súa conta os gastos que orixinen tales copias.

4.5 TRANSPORTE

Na composición de prezos contouse para a formación dos mesmos, cos gastos correspondentes ós transportes, partindo dunhas distancias medias teóricas.

Sobreenténdese que os materiais se abonan a pé de obra, sexa cal fose a orixe dos mesmos, sen que o Contratista teña dereito a reclamación algunha por outros conceptos.

4.6 REPLANTEOS

Tódalas operacións necesarias para os replanteos, serán efectuadas por conta do Contratista, non tendo por este concepto dereito a reclamación de ningunha clase.

Así mesmo, está obrigado a subministrar ó seu cargo á Administración os medios e aparatos necesarios que a Dirección Facultativa estime adecuados para levar a cabo os replanteos de calquera tipo.

4.7 MEDICIÓN E ABONO

Modo de efectúa-la medición e abono das unidades de obra:As unidades de obra mediranse a abonarán da forma e ó prezo que figura na partida correspondente das Medicións e Presuposto.

CAPÍTULO 5.- DISPOSICIÓN XERAIS

5.1 CONTRADICCIÓN, OMISIÓN OU ERROS

En caso de contradicción entre os Planos e Prego de Prescricións Técnicas, prevalecerá o prescrito neste último. O mencionado no Prego de Prescricións Técnicas e omitido nos Planos, ou viceversa, haberá de ser aceptado como se estivese exposto en ámbolos dous documentos, sempre que a xuízo da Dirección Facultativa quede suficientemente definida a unidade de obra correspondente, e esta teña prezo no contrato.

Os diversos capítulos do presente Prego de Prescricións Técnicas son complementarios entre si, entendéndose que as prescricións que conteña un deles e afecte a outros obrigan como se estivesen en todos. As contradiccións ou dúbidas entre as súas especificacións resolveranse pola interpretación que razoadamente faga o Director Técnico.

En todo caso, as contradiccións, omisións ou erros que se advirían nestes documentos, tanto polo Director Técnico coma polo Contratista, deberán reflectirse preceptivamente na Acta de Comprobación do Replanteo.

5.2 TRABALLOS PREPARATORIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

Os traballos preparatorios para a iniciación das obras, consistirán en:

- 1) Comprobación do replanteo.
- 2) Fixación e conservación dos puntos ou referencias de replanteo.
- 3) Programación dos traballos.

5.3 COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

No prazo de quince días hábiles a partir da adxudicación definitiva comprobarase, en presenza do Adxudicatario ou representante, o replanteo das obras efectuado antes da licitación estendéndose a correspondente Acta de Comprobación do Replanteo. A dita acta incorporárase ós documentos contractuais do proxecto, referíndose expresamente ás características xeométricas do terreo e obras de fábrica, á procedencia de materiais, así como calquera punto que, caso de desconformidade, poida afectar ó cumprimento do Contrato.

Cando a Acta de Comprobación do Replanteo reflecta algunha variación respecto ós documentos contractuais do Proxecto, deberá ser acompañada dun novo presuposto valorado ós prezos do Contrato.

5.4 FIXACIÓN E CONSERVACIÓN DOS PUNTOS DE REPLANTEO

Desde a comprobación de replanteo, o Contratista será o único responsable do replanteo das obras e os planos contradictorios servirán de base ás medicións de obra.

O Contratista construírá ó seu cargo marcos, bases de replanteo e referencias en lugares e números adecuados, a xuízo da Dirección Técnica, para a perfecta comprobación da marcha, calidade e exactitude do replanteo e dimensionamento da obra e as súas partes. Así mesmo, está obrigado á súa conservación e a manter expeditas as visuais desde ditos puntos.

Tódalas coordenadas das obras, así como as dos planos de obras executadas, serán referidas á malla ortogonal que sinala a Dirección Facultativa.

O Contratista será responsable da conservación dos puntos, as sinais e marcos.

Se no transcurso das obras, son destruídos algúns, deberá colocar outros baixo a súa responsabilidade e ó seu cargo, comunicándoo por escrito á Dirección Facultativa que comprobará as coordenadas dos novos vértices ou sinais.

O Director Técnico sistematizará normas para a comprobación de replanteos parciais e poderá supedita-lo progreso dos traballos ós resultados destas comprobacións, o cal en ningún caso, eliminará a total responsabilidade do Contratista, así como os gastos derivados da comprobación destes replanteos.

5.5 PROGRAMACIÓN DOS TRABALLOS

No prazo de quince (15) días hábiles, a partir da aprobación da Acta de Comprobación do Replanteo, o Adxudicatario presentará o Programa dos Traballos das obras.

O programa dos traballos das obras, incluírá os seguintes datos:

- Fixación das clases de obra que integran o proxecto, e indicación do volume das mesmas.
- Determinación dos medios necesarios (instalacións, maquinaria, equipo e materiais), con expresión dos seus rendementos medios.
- Valoración mensual e acumulada da obra programada sobre a base dos prezos unitarios de adxudicación.
- Representación gráfica das fases das obras e do seu ámbito, e das diversas actividades nun gráfico de barras ou nun diagrama de espazos-tempo.

O Programa de Traballos será presentado conforme ás anteriores indicacións, seguindo as liñas xerais do Programa indicativo, que constitúe o Anexo correspondente do Proxecto, e de acordo coas instrucións específicas que lle sexan dadas ó Contratista polo Director Técnico.

Este Programa contemplará a etapificación das obras de xeito que garanta tanto a seguridade como a accesibilidade a tódalas propiedades e instalacións, canalizando debidamente os tráfico peonil e rodado que se verán reducidos aos mínimos indispensables para os servizos de tódalas instalacións afectadas polas obras.

Cando do Programa dos Traballos se deduza a necesidade de modificar calquera condición contractual, dito Programa deberá ser redactado contradictoriamente polo Adxudicatario e o Director Técnico; acompañándose a correspondente proposta de modificación, para a súa tramitación regulamentaria.

5.6 PRAZO DE EXECUCIÓN

O Contratista empezará as obras no prazo de dez (10) días contados desde a data da Acta de Comprobación do Replanteo.

Deberá quedar rematada a obra contratada dentro dos prazos fixados polo Contratista na oferta adxudicataria.

5.7 DESENVOLVEMENTO E CONTROL DAS OBRAS

Para o mellor desenvolvemento e control das obras o Adxudicatario seguirá as normas que a continuación se indican respecto ós puntos seguintes:

- 1) Equipos de maquinaria.
- 2) Ensaíos.
- 3) Materiais.
- 4) Provisións.
- 5) Traballos nocturnos.
- 6) Accidentes de traballo.
- 7) Descanso en días festivos.
- 8) Traballos defectuosos ou non autorizados.

9) Sinalización de obras.

10) Precaucións especiais durante a execución das obras.

5.8 EQUIPOS E MAQUINARIA

O Contratista quedará obrigado a situar nas obras os equipos e maquinaria que se comprometeu a aportar na licitación, e que o Director Técnico considere necesarios para o desenvolvemento das mesmas.

O Director Técnico deberá aproba-los equipos de maquinaria ou instalacións que deban utilizarse para as obras.

A maquinaria e demais elementos de traballo deberán estar en perfectas condicións de funcionamento e quedar adscritos á obra durante o curso de execución das unidades que deben utilizarse. Non poderán retirarse sen o consentimento do Director Técnico. Se, unha vez autorizada a retirada e efectuada esta, fose necesario dito equipo ou maquinaria o Contratista deberá reintegrala á obra o seu cargo e sen que o tempo necesario para o seu traslado e posta en uso sexa computable ós efectos de cumprimento de prazos, que non experimentarán variación por este motivo.

5.9 ENSAIOS

Os ensaios efectuaranse e supervisarán conforme ás Normas de Ensaio aprobados polo Ministerio de Obras Públicas e en defecto a NLT, por Laboratorios de Obras homologados. Calquera tipo de ensaio que non estea incluído en ditas normas deberá realizarse de acordo coas instrucións que dicte o Director Técnico.

O Adjudicatario abonará o custo dos ensaios que se realicen, que non poderá supera-lo 1% do presuposto de adxudicación, que estará incluído nos prezos ofertados.

5.10 MATERIAIS

Non se procederá ó emprego de calquera dos materiais que integran as unidades de obra sen que antes sexan examinados e aceptados polo Director Técnico, salvo o que dispoña en contrario o presente Prego.

Cando a procedencia de materiais non estean fixadas no Prego de Prescricións Técnicas, os materiais requiridos para a execución do Contrato serán obtidos polo Contratista das canteiras ou fontes de subministro que estime oportuno.

O cambio de procedencia dos materiais non supoñerán en ningún caso motivo de variación dos prezos ofertados nin do prazo da obra.

O Contratista notificará ó Director Técnico, con suficiente antelación, as procedencias dos materiais que se propón utilizar; aportando, cando así o solicite o citado Director Técnico, as mostras e os datos necesarios para demostra-la posibilidade de aceptación, tanto no que se refire á súa calidade como á súa cantidade.

En ningún caso poderán ser aprovisionados e utilizados en obras materiais que a súa procedencia non fose previamente aprobada polo Director Técnico.

No caso de que as procedencias dos materiais fosen sinaladas concretamente no Prego de Prescricións Técnicas, ou nos Planos, o Contratista deberá utilizar obrigatoriamente ditas procedencias. Se, posteriormente, se comprobara que ditas procedencias son inadecuadas ou insuficientes, o Contratista virá obrigado a propoñer novas procedencias sen escusa, sen que dito motivo nin a maior ou menor distancia das mesmas poidan orixinar aumento dos prezos nin dos prazos ofertados.

No caso de non cumprimento dentro dun prazo razoable non superior a un mes, da anterior prescricións, o Director Técnico poderá fixa-las diversas procedencias dos materiais sen que o Contratista teña dereito a reclamación dos prezos ofertados e podendo incorrer en penalidades por atraso no cumprimento dos prazos.

5.11 PROVISIONS

Quedarán terminantemente prohibido, salvo autorización escrita do Director Técnico, efectuar provisiones de materiais, calquera que sexa a súa natureza, sobre a plataforma da obra e naquelas zonas marginais que defina o citado Director Técnico. Considérase especialmente prohibido obstruí-los desaugues e dificultar-lo tráfico.

Os materiais almacenaranse en forma tal que se asegure a preservación da súa calidade para a súa utilización na obra; requisito que deberá ser comprobado no momento de dita utilización.

As superficies empregadas en zonas de aprovisionamentos deberán unha vez terminada a utilización dos materiais acumulados nelas, de forma que poidan recupera-lo seu aspecto orixinal.

Tódolos gastos requiridos para efectua-los aprovisionamentos e as operacións mencionadas neste artigo, serán de conta do contratista.

5.12 TRABALLOS NOCTURNOS

Os traballos nocturnos deberán ser previamente autorizados polo Director Técnico e realizados soamente nas unidades de obra que el indique. O Contratista deberá instala-los equipos de iluminación do tipo e intensidade que o Director ordene, e mantelos en perfecto estado mentres duren os referidos traballos.

5.13 ACCIDENTES DE TRABAJO

O Contratista queda obrigado a contratar, para o seu persoal, os seguros de indemnización establecidos na lexislación Social e Laboral vixentes.

5.14 DESCANSO EN DÍAS FESTIVOS

Nos traballos que comprende esta contrata cumprírase puntualmente o descanso en días festivos do modo que sinalen as disposicións vixentes.

En casos excepcionais, cando fose necesario traballar en ditos días, procederase como indican as citadas disposicións e as que no sucesivo se dicten sobre a materia.

5.15 TRABALLOS DEFECTUOSOS E NON AUTORIZADOS

Os traballos executados polo contratista, modificando o prescrito nos documentos contractuais do Proxecto sen a debida autorización, deberán ser derruídos ó seu cargo, se o Director Técnico o esixe e en ningún caso serán abonables.

5.16 SINALIZACIÓN DAS OBRAS

O Contratista subministrará, instalará e manterá en perfecto estado tódalas marcas necesarias para delimita-la zona de traballo e desvíos provisionais a satisfacción do Director Técnico.

O Contratista quedará así mesmo obrigado a sinalizar ó seu cargo o resto das obras obxecto do Contrato conforme ás instrucións e uso dos aparatos que prescriba o Director Técnico e ás indicacións doutras Autoridades no ámbito da súa competencia e sempre no cumprimento de tódalas disposicións vixentes.

Será de conta e risco do Contratista o subministro, instalación, mantemento e conservación de tódalas sinais, luces, elementos e instalacións necesarias para dar cumprimento ó indicado nos parágrafos anteriores.

5.17 RESPONSABILIDADES ESPECIAIS DO CONTRATISTA DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estas responsabilidades consisten en:

- 1) Danos e prexuízos.
- 2) Obxectos encontrados.
- 3) Evitación de contaminacións.
- 4) Permisos e licencias.
- 5) Persoal do Contratista.

5.18 DANOS E PREXUÍZOS

O Contratista será responsable, durante a execución das obras, de tódolos danos e prexuízo, directos indirectos que se poden ocasionar a calquera persoal, propiedade ou servizo, público ou privado como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ó seu cargo ou dunha deficiente organización das obras.

En especial, ademais de ser de conta e risco do Contratista os gastos e custos orixinados polas reparacións e reposicións, indicados no art. 5.25 deste Prego, será responsable dos danos e prexuízos causados a terceiros ou á propia Administración por incumprimento total ou parcial das prescricións contidas no art. 5.17.

Os servizos públicos ou privados que resulten danados deberán ser reparados a cargo do Contratista, conforme á lexislación vixente sobre o particular.

As persoas que resulten prexudicadas deberán ser compensadas, tamén a cargo do Contratista, adecuadamente.

As propiedades públicas ou privadas que resulten danadas deberán ser reparadas polo Contratista e ó seu cargo, restablecendo as condicións primitivas ou compensando adecuadamente os danos e prexuízos causados.

5.19 OBXECTOS ENCONTRADOS

O Contratista será responsable da conservación de tódolos obxectos que se encontren ou descubran durante a execución das obras; debendo dar conta inmediata dos achados ó Director Técnico e colocalos baixo a súa custodia.

5.20 EVITACIÓN DE CONTAMINACIÓN

O Contratista adoptará as medidas necesarias para evita-la contaminación de calquera tipo por causa das obra, así como as de combustible, aceite, ligantes ou outro material que poida ser prexudicial, incluso as contaminacións de tipo biolóxico, sendo responsable dos danos que poida causar a terceiros producidos durante a execución das obras.

5.21 PERMISOS E LICENCIAS

O Contratista deberá obter, ó seu cargo, tódolos permisos ou licencias para a execución das obras, con excepción das correspondentes ás expropiacións, servidumes e servizos que se definan no contrato.

5.22 PERSOAL DO CONTRATISTA

O Contratista estará obrigado a dedicar ás obras o persoal técnico a que se comprometeu na licitación.

O Director Técnico poderá prohibi-la permanencia na obra ó persoal do Contratista que, por motivo de faltas de obediencia e respecto, perturbe, a xuízo do mesmo, a marcha dos traballos. O Contratista poderá recorrer se entendese que non hai motivo fundado para dita prohibición. O Contratista estará obrigado ó cumprimento do establecido na lexislación social e laboral vixente

5.23 MEDICIÓN DAS OBRAS

A forma de realiza-la medición e as unidades de medida a utilizar, serán as definidas no Prego de Prescricións Técnicas para cada unidade de obra.

Cando este Prego de Prescricións Técnicas indique a necesidade de pesar materiais directamente, o Contratista deberá situar nos puntos que designe o Director, as básculas ou instalacións, debidamente contrastadas, para efectua-las medicións por peso requiridas; a súa utilización deberá ir precedida da correspondente aprobación do citado Director Técnico.

Para a medición só serán válidos os levantamentos topográficos e os datos que foron conformados polo Director Técnico.

Tódalas medicións básicas para o abono deberán ser conformadas polo Director Técnico e o representante do Contratista.

As unidade que deban quedar ocultas ou soterradas deberán ser medidas antes da súa ocultación. Se a medición non se efectuou ó seu debido tempo, serán de conta do Contratista as operacións necesarias para levalas a cabo.

5.24 ABONO DAS OBRAS. CERTIFICACIÓNS

O importe das obras executadas acreditarase mensualmente ó Contratista por medio de Certificacións, expedidas polo Director Técnico na forma legalmente establecida.

Anualidades

Para o abono das obras, o seu presuposto distribuirase na forma e anualidades establecidas na adxudicación definitiva.

A modificación das anualidades fixadas, deducida como consecuencia da aprobación do Programa de Traballo ou de reaxustes posteriores, realizaranse na forma e condicións sinaladas pola Lexislación vixente para a contratación de obras do Estado.

O Contratista poderá desenvolve-los traballos con celeridade maior que a necesaria para executa-las obras no tempo prefixado. Sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das Certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Non se aplicarán partindo das datas das Certificacións como base para o cómputo de tempo de demora no pago, se non partindo da época na que este debeu ser satisfeito.

Os prezos unitarios fixados no Contrato para cada unidade de obra terán incluídos tódolos traballos, medios auxiliares, enerxía, maquinaria, materiais e man de obra necesarios para deixa-la unidade completamente terminada, tódolos gastos xerais directos e indirectos, como transportes, comunicacións, carga e descarga, probas e ensaios, desgaste de materiais auxiliares, custos indirectos, instalacións, impostos, dereitos, ademais doutros gastos e custos que se enuncien noutros apartados deste Prego. O Contratista non terá dereito a indemnización algunha excedente dos prezos consignados por estes conceptos.

Serán de conta do Contratista os incrementos de materiais empregados e a execución das unidades de obras necesarias, incluso as non previstas, destinadas a corrixir-los efectos consecuencia de fallos, erros ou omisións nos cálculos do Proxecto ou na execución das obras e referentes en especial á estabilidade, asentos, esvaramentos, reposicións, etc.

Partidas alzadas

Abonarase íntegras ó Contratista as partidas alzadas que se consignan neste Prego, baixo esta forma de pago.

As partidas alzadas a xustificar abonaranse consignando as unidades de obra que comprende ós prezos do Contrato; ou ós prezos contradictorios aprobados, se se tratara de novas unidades.

Materiais aprovisionados

Neste sentido estarase ó establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.

Instalacións e equipos de maquinaria

Os gastos correspondentes a instalacións e equipos de maquinaria consideraranse incluídos nos prezos das unidades correspondentes e, en consecuencia, non serán abonados separadamente; a non ser que expresamente se indique o contrario no Contrato.

5.25 RECEPCIÓNS, GARANTÍAS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

A recepción, garantías e obrigas do Contratista serán as seguintes:

- 1) Recepción.
- 2) Pazo de garantía.
- 3) Obrigacións do Contratista.

5.26 RECEPCIÓN DAS OBRAS

Unha vez rematadas e previos os trámites regulamentarios procederase a efectuar a recepción das obras, unha vez realizado o recoñecemento das mesmas e no suposto de que todas elas se encontren nas condicións debidas.

Ó proceder á recepción das obras estenderase por cuadruplicado a Acta de Recepción correspondente que, unha vez firmada por quen corresponda, elevarase á aprobación do Concello.

5.27 PRAZO DE GARANTÍA

- a) Será dun ano a contar da data da recepción.
- b) Serán de conta do Contratista tódolos gastos de conservación e reparación que sexan necesarios nas obras, incluso restitución de rasantes nos terrapléns nos puntos en que se produciran asentos.
- c) Ata que se cumpra o prazo de garantía das obras, o Contratista é responsable da execución delas e das faltas que poidan notarse. Non se servirá de desculpa, nin lle dará dereito algún, o que o Director Técnico ou os seus subalternos examinaran a obras durante a construción, recoñecido os seus materiais ou feita a valoración nas relacións parciais. En consecuencia, se se observan vicios ou defectos, antes de cumprirse o prazo de garantía, poderase dispoñer que o Contratista demolera e reconstruía, pola súa conta, as partes defectuosas.

5.28 OBRIGAS DO CONTRATISTA

O Contratista terá a obriga de obter locais, zonas para talleres, oficinas, etc., que considere necesarios para a realización das obras.

É de responsabilidade do Contratista, a elección de canteiras para a obtención dos materiais necesarios para a execución das obras (todo un, recheos, áridos para formigóns, etc.).

Non obstante deberán terse en consideración os seguintes puntos:

- En ningún caso se considerará que as canteiras ou a súa explotación forma parte da obra.
- A paralización dos traballos nas canteiras non terán, en ningún caso, repercusión algunha nos prezos nin nos prazos ofertados.
- O Contratista deberá satisfacer pola súa conta a compra de terreos ou a indemnización por ocupación temporal dos mesmos, cánones, etc.
- En calquera caso é de total responsabilidade do contratista, a elección e explotación de canteiras, tanto no relativo a calidade de materiais coma o volume explotable dos mesmos. O Contratista é responsable de conseguir diante das autoridades oportunas os permisos e licencias que sexan precisos para a explotación das canteiras.
- Tódolos gastos derivados destes conceptos consideraranse incluídos nos prezos.

- Os accesos a canteiras, así como os enlaces entre estas e a obra correrán a cargo do Contratista, e non deberán interferir con outras obras que se estean realizando na área.
- O Contratista vén obrigado a eliminar, ó seu cargo, os materiais de calidade inferior á esixida que aparezan durante os traballos de explotación da canteira.
- Serán por conta do Contratista, sen que po iso poida reclamar indemnización algunha, os danos que se poidan ocasionar con motivo das tomas de mostras, extracción, preparación, transporte e depósitos dos materiais.
- O Contratista, baixo a súa responsabilidade, queda obrigado a cumprir tódalas disposicións de carácter social e laboral que estableza a lexislación vixente.

5.29 PRESCRICIÓN S PARTICULARES

En todos aqueles casos en que a xuízo do Director Técnico, se faga aconsellable, para a execución das obras previstas, a fixación de determinadas condicións específicas, redactarase por este o oportuno Prego de Prescricións Particulares, que será aceptado polo Contratista, quedando obrigado ó seu cumprimento.

5.30 INSPECCIÓN E VIXILANCIA DAS OBRAS

Será a cargo do Contratista o pago das Taxas en vigor por este concepto, así como o dos gastos que se produzan con motivo da vixilancia das obras.

O Director Técnico establecerá o número de vixiantes que estime necesario para o mellor coñecemento da marcha das obras os cales recibirán instrucións precisas e exclusivas de dita Dirección ou persoa en quen delegue. Os gastos que se deriven desta vixilancia correrán a cargo do Contratista e non superarán o un (1) por cento do Presuposto de Adxudicación.

Nos prezos ofertados polo Contratista estarán incluídos os gastos de vixilancia e inspección.

5.31 EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras efectuaranse con estricte suxeición ás Cláusulas estipuladas no Contrato e ó Proxecto que serva de base ó mesmo e conforme ás instrucións que en interpretación deste dese ó Contratista o Director Técnico, que serán de obrigado cumprimento para aquel sempre que o sexan por escrito. Durante o desenvolvemento das obras e ata que teña lugar a recepción definitiva, o contratista é responsable das faltas que poidan advertirse na construción.

Para os efectos do Contrato regularanse en todo polas disposicións que rexen os Contratos de Obras na Lei de Contratos das Administracións Públicas.

5.32 MODIFICACIÓN S NAS OBRAS PROXECTADAS

No caso de que o importe da oferta non coincida co Presuposto total do Proxecto entenderase que prevalece o da oferta económica e, en consecuencia, os prezos unitarios que figuren en dito proxecto serán aumentados ou diminuídos na mesma proporción en que o estea o importe fixado na oferta económica en relación co presuposto do proxecto e estes prezos, así rectificadas, servirán de base para o abono das obras realizadas.

O importe total da oferta económica non se modificará polos erros que poidan cometerse nas medicións, nos cadros de prezos ou no presuposto, tanto se estes erros son descubertos antes da adxudicación coma se lle son despois.

En tales casos rectificarase o presuposto e aumentaranse ou diminuirán os prezos na forma prescrita no apartado anterior.

Soamente se modificará a oferta económica cando a Administración introduxese modificacións no proxecto conforme á Lexislación de Contratación vixente.

O Milladoiro, Xullo de 2017

o arquitecto



ARRANXO DE URBANIZACIÓN. PM5-03. O MILLADOIRO

Memoria

1. FICHA TÉCNICA
2. ANTECEDENTES
 - 2.1. DATOS DE PARTIDA
 - 2.2. OBJETO E ALCANCE DA INTERVENCIÓN
3. ORDENACIÓN
 - 3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA
 - 3.2. MEMORIA CONSTRUTIVA
4. ANEXO Á MEMORIA
 - 4.1. CONDICIÓNNS URBANÍSTICAS
 - 4.2. BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

1. FICHA TÉCNICA

ENCARGO

O presente proxecto corresponde a unha ADAPTACIÓN do Proxecto de Arranxo de Urbanización nun ámbito do sector identificado como PM5-03 no núcleo do Milladoiro, Concello de Ames, realizado polo arquitecto **CÁNDIDO LÓPEZ GONZÁLEZ** en maio de 2012.

EQUIPO REDACTOR

ARQUITECTO: **D. DAVID FERNÁNDEZ NOGUEIRA**, Arquitecto colegiado con el nº 3.773 del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia con N.I.F. 76.728.802-C y domicilio en Rúa das Hedras, Portal 4, 1º C – Milladoiro – Concello de Ames.

COLABORADORES: **Dª M. LEDICIA FRAGA DOMÍNGUEZ**, Arquitecta colegiada con el nº 3.588 del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia con N.I.F. 76.822.529- E y domicilio en Condesa Pardo Bazán, 7 1º izq en Pontevedra – Concello de Pontevedra.

D. AGUSTIN MOSQUERA VILAR, Arquitecto con N.I.F. 32.804.092-C e domicilio en Rúa Cura Suárez Pena, 7 en Carral – A Coruña.

ORGANISMO ENCARGANTE

CONCELLO DE AMES

Nesta memoria establecécese as condicións para a execución do proxecto referido.

O ámbito corresponde a un espazo exterior de uso público, de tal xeito que *as deficiencias a arranxar están vinculadas en gran medida aos bloques das parcelas 11, 12, 13, e 14 do proxecto de compensación do dito sector* (a cursiva corresponde a reprodución dun parágrafo do informe dos servizos técnicos, con data de 22 setembro de 2009).

Inclúense, de modo complementario, actuacións de arranxos puntuais de deficiencias detectadas na urbanización nas inmediacións da rúa Figueiras e da Travesía da Moa.

O proxecto organizase a través da documentación escrita, que comprende a memoria descritiva e xustificativa, o prego de condicións e as medicións e o presuposto, e da documentación gráfica integrada polos planos.


2. ANTECEDENTES

2.1 DATOS DE PARTIDA

O ámbito de actuación forma unha parte do espazo público do sector urbanístico identificado como PM5-03 do vixente PXOM do concello de Ames.

Este sector está plenamente desenvolvido tanto na parte edificatoria como na parte urbanizadora. Nembargantes, a urbanización non ten acadado o nivel de esixencia establecido polo concello, especialmente na parte obxecto principal deste documento, o interior do cuarteirón definido pola rúa da Costa Grande, a rúa Figueiras, a rúa Seidón e a avenida de Rosalía de Castro, vinculado ó desenvolvemento dos bloques 11, 12, 13, e 14 do sector urbanístico. Nesta superficie cabe acometer traballos de reurbanización que permiten dotar de accesibilidade do mencionado espazo público libre en toda a súa extensión.

Ademais deste obxectivo, débense definir os necesarios arranxos que se deben de acometer en zonas próximas do ámbito desenvolto, co motivo de reparar os desperfectos sinalados, e dar resposta a unha serie de queixas e reclamacións dos cidadáns.




Os servizos técnicos municipais facilitaron no seu momento ao equipo técnico de Cándido López González ós seguintes escritos:

- Escrito de 27 de decembro de 2007
Veciño do edificio nº 5, escaleira 1, da rúa Figueiras en representación da Comunidade de Propietarios. Plantéxanse unha serie de cuestións alleas aos obxectivos deste documento. Fai referencia á iluminación das rúas, sobre todo na parte traseira.
Visitada a zona, semella que o nivel de iluminación é similar ao doutros ámbitos do núcleo e da urbanización.
- Escrito de 14 de setembro de 2009
Comunidade de propietarios da rúa Figueiras 2, e Rúa da Costa Grande 12,14,16.
Filtracións de auga ao rocho identificado co número 5 dende o espazo público.
Na partida orzamentaria contéplanse as actuacións a seguir para a limpeza e retacado de deficiencias nos encontros entre paramentos horizontais e verticais.
- Escrito de 30 de outubro de 2009
Veciño do bloque 6-7 da rúa Figueiras
Filtracións de auga ao rocho identificado co número 5 dende o espazo público.
Na partida orzamentaria contéplanse as actuacións a seguir para a limpeza e retacado de deficiencias nos encontros entre paramentos horizontais e verticais.
- Escritos de 25 de maio de 2010, e de 9 de novembro de 2010
Un veciño referido ao edificio nº 5-7 da Travesía da Moa
Filtracións de auga aos garaxes, e fundimento da beirarrúa.
Na partida orzamentaria contéplanse as actuacións a seguir para a limpeza e retacado de deficiencias nos encontros entre paramentos horizontais e verticais.
Na partida orzamentaria contéplanse as actuacións a seguir para a limpeza e retacado de deficiencias nos encontros entre paramentos horizontais e verticais, así como para a reposición de solados defectuosos.

Débase indicar que de tódolos xeitos, as deficiencias observadas nalgunhas das terrazas privadas e con servidume de uso público na súa rasante non ten que ver coa urbanización estritamente e si con deficiencias do propio proceso edificatorio.

2.1.B ÁMBITO DA INTERVENCIÓN

O ámbito do traballo correspóndese cunha superficie de forma sensiblemente rectangular situada no interior da mazá delimitada polas rúa Seidón, rúa da Costa Grande, rúa de Figueiras e a avenida de Rosalía de Castro, o cal constitúe un dos espazos libres incluídos no sector PM5-03 do PXOM vixente no concello de Ames.



Dispónse nunha zona dotada cos servizos urbanísticos requiridos: asfaltado das rúas, abastecemento de auga, saneamento e alumado.

Segundo a medición dos planos, o ámbito ten unha superficie total de 3.765 m², distribuídos tal e como se indica na táboa seguinte:

	SUPERFICIE (m2)
TERRAZAS USO SOBRE RASANTE: PÚBLICO (uso baixo rasante: privado)	1.240
ESPAZO LIBRE E USO PÚBLICO	2.425
CONEXIÓNS: ACCESOS Ó ÁMBITO	100
SUPERFICIE TOTAL ÁMBITO	3.765

Queda definido polos seguintes límites

- Norte: fachada interior dos edificios da rúa Figueiras
- Este: fachada interior dos edificios da rúa da Costa Grande
- Sur: fachada interior do edificio con fronte á rúa Seidón/Travesía da Moa
- Oeste: fachada interior dos edificios con fronte a avenida de Rosalía de Castro

Pode considerarse como unha superficie de forma rectangular, cunha pendente con caída principalmente lonxitudinal no que poderíamos sintetizar como sentido sur-norte, coa cota mais elevada na parte sur. A caída de cota entre os extremos do rectángulo é de 10,90 metros.

Dentro do ámbito poderíase incluír, aínda que non está grafada, a superficie definida na esquina entre a rúa da Costa Grande e a rúa Travesía da Moa, formada por dous espazos libres, sen edificación, tratados como una beirarrúa, pero separados por un cambio de rasante, e perimetrados por unha baranda metálica un e por uns petos laterais de fábrica outro.

No ámbito estrito segundo o perímetro grafado, o espazo libre definido pola ordenación do sector queda composto polos seguintes elementos:

- Unha superficie baleira central
- Unha serie de terrazas conformadas polas cubertas das plantas baixas e soterradas da edificación con fronte á rúa da Costa Grande. Estas terrazas están definidas como de uso público sobre rasante e de uso privado baixo a rasante.

Débase facer notar que estas terrazas aparecían nos correspondentes planos dos proxectos dos edificios a que se ligan, mantendo o nivel da rasante do terreo natural, en cumprimento da normativa municipal. Esta normativa regula as condicións da edificación en semitosoto da seguinte forma:

Art. 7.4.2. Semisótanos

Se admite con prohibición de usos vivideros. En suelo urbano la altura sobre la acera de la cara superior del forjado de techo del semisótano, no podrá ser superior a un metro medido en el punto medio del vano que forme la fachada o quiebro del edificio, como consecuencia de las pendientes de los viales, y como altura máxima, en cualquier punto, la de 1,40 m medidos a la cara inferior del mismo forjado.

En maio de 2007, a arquitecta municipal firma un *INFORME RESPECTO DAS PARTE DAS EDIFICACIÓNS QUE TEN USO PÚBLICO SOBRE RASANTE NAS PARCELAS RESULTANTES 12 E 13 DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO P. M5-03 NO MILLADOIRO E DA PARCELA*

RESULTANTE nº15 DE DOMINIO PÚBLICO NESTE MESMO PROXECTO DE COMPENSACIÓN.

Neste informe faise referencia as condicións destas terrazas, pondo de manifesto a incoherencia entre a proposta do proxecto e a executada, de tal xeito que non se respectan as condicións de semisoto e por suposto a relación entre a rasante do terreo natural e a rasante das terrazas.

As terrazas, polo tanto, posúen rasantes elevadas respecto da cota natural do terreo anexo, atópanse limitadas por petos de fábrica e conectadas co resto do espazo libre mediante escaleiras e chanzos.

Estas condicións morfolóxicas proporcionanlle un aspecto de elemento privado, dificultan a súa incorporación ó espazo libre, tal e como debería de ser pola servidume que posúen de formar sobre rasante parte do dominio público, e ademais carecen das condicións de accesibilidade requirida polo regulamento de accesibilidade en vigor.

Estas terrazas vincúlanse na súa construción ós edificios da rúa da Costa Grande que limitan o ámbito polo este e o edificio da rúa Seidón polo sur. Débese indicar que os alféizares das vivendas da planta primeira dos edificios da rúa da Costa Grande elévanse tan solo 1,40 m sobre o solo das terrazas, e esta é unha cuestión que debe ser considerada na proposta de publicación efectiva destes espazos.

- Os accesos ó interior do baleiro dende as rúas Figueiras e Travesía da Moa

2.1.c ESTADO ACTUAL

